

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento, entrada en vigor e aplicación da lei.*

Un. Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Dous. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Tres. Sen prexuízo do disposto no número dous anterior:

a) O establecido no parágrafo c) do número 1 do artigo 208 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola presente lei, aplicarase ás situacións legais de desemprego que se produzan a partir do día 26 de maio de 2002, cando o despedimento inicial se producise despois da dita data.

b) O establecido no parágrafo c) do número 1 do artigo 215 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola presente lei, aplicarase ás solicitudes do subsidio por desemprego presentadas a partir do día 26 de maio de 2002, e os traballadores que accedesen a este subsidio conforme a normativa anterior poderán obte-lo subsidio establecido no número 3 do número 1 do citado artigo 215, se reúnen os requisitos esixidos.

c) O previsto no artigo terceiro desta lei aplicarase a tódalas solicitudes do subsidio por desemprego establecido polo Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, incluídas as solicitudes do subsidio ás que lles sexa de aplicación o cómputo especial de cotizacións recollido nas disposicións transitorias primeira e segunda do citado Real decreto 5/1997, presentadas a partir do día 26 de maio de 2002.

Disposición derradeira segunda. *Referencias ós servizos públicos de emprego competentes.*

As referencias efectuadas nesta lei ós servizos públicos de emprego entenderanse realizadas ó Instituto Nacional de Emprego e ós correspondentes servizos públicos de emprego das comunidades autónomas competentes na materia.

Polo tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE ECONOMÍA

24252 REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. («BOE» 298, do 13-12-2002.)

A Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 32, punto dezaoito, autoriza o Goberno para que, no prazo de doce meses a partir da súa entrada en vigor, elabore e aprobe un texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, no que se integren, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas

a Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, e outras disposicións que sinala relativas a plans e fondos de pensións.

A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, na súa disposición adicional décimo primeira, introduciu modificacións en diversos artigos da Lei 8/1987, engadiu un novo capítulo IX a esta sobre medidas de intervención administrativa, e deu nova redacción ás súas disposicións adicionais e derradeiras.

A peza fundamental da reforma operada na Lei 8/1987 pola Lei 30/1995 é a incorporación á disposición adicional primeira daquela do réxime de protección dos compromisos por pensións das empresas cos seus traballadores, establecido en cumprimento do artigo 8 da Directiva 80/987/CEE, do Consello, do 20 de outubro de 1980, sobre aproximación das lexislacións dos estados membros relativas á protección dos traballadores asalariados ante a insolvencia do empresario.

Esta disposición adicional primeira da Lei 8/1987, modificada polo artigo 119.tres da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e pola disposición adicional primeira.2 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, ámbalas leis de medidas fiscais, administrativas e da orde social, complementábase co réxime transitorio financeiro e fiscal de adaptación dos compromisos por pensións previsto nas disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995.

A Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou a Lei 8/1987 en materia de requirimentos de recursos propios das entidades xestoras de fondos de pensións, e, recentemente, a propia Lei 24/2001 antes citada, que autoriza a refundición, no seu artigo 32, introduciu tamén unha serie de modificacións na Lei 8/1987, das que cabe destacar, especialmente, as que afectan á regulación dos plans do sistema de emprego, facilitando a coordinación do seu funcionamento cos procesos de representación e negociación no ámbito laboral, as referidas ós límites máximos anuais de achega ós plans de pensións, así como as que afondan na liberdade de prestación dos servizos de xestión de investimentos dos fondos de pensións en atención ás directivas comunitarias, e nas obrigas de información ós partícipes e beneficiarios dos plans de pensións.

A refundición debe incluír así mesmo, segundo o ordenado polo lexislador, o réxime financeiro aplicable a persoas con minusvalidez establecido pola Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, na súa disposición adicional décimo sétima, debidamente actualizada, segundo a modificación introducida polo artigo 12 da Lei 6/2000, do 13 de decembro, de medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, e o artigo 1, once, da Lei 24/2001, do 27 de decembro.

Por outra parte, co fin de que os axentes sociais implicados no proceso de exteriorización dos compromisos por pensións poidan dispor dun texto normativo que integre a regulación dos plans de pensións e os aspectos do proceso de adaptación, é conveniente que a refundición incorpore o contido das citadas disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, debidamente actualizado, tendo en conta as modificacións introducidas nelas pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (artigos 31 e 120.un e dous), así como pola Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto da renda das persoas físicas e outras normas tributarias (disposición adicional décimo primeira, primeira e segunda), e o prazo estendido ata o 16 de novembro de 2002 pola disposición adicional vixésimo quinta da Lei

14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O Regulamento de instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, desenvolve este réxime de exteriorización.

Sen prexuízo do anterior, a refundición conserva a referencia á disposición transitoria primeira da Lei 8/1987, que permitiu no seu día a transformación voluntaria de fondos internos e outros sistemas de previsión do persoal das empresas en plans de pensións, xa que os seus efectos aínda poden afectar a procesos iniciados ó abeiro desta. Esta disposición complementábase coa disposición adicional décimo novena da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Por outra parte, para efectos de sistematizar, aclarar ou respecta-la congruencia de prazos e referencias normativas, na refundición deben terse en conta certas disposicións que afectan ou se refiren á regulación dos plans de pensións, tales como as contidas nas disposicións derradeiras da Lei 30/1995, do 8 de novembro, e na disposición adicional oitava da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias. Por último, aínda que non se inclúe nesta refundición por pertencer ó ámbito das normas procesuais, cabe recorda-la referencia a esta materia que se contén no texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de novembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.*

Apróbase o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións que se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións que se aproba.

Derrógase a Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación de plans e fondos de pensións, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria primeira do texto refundido que se aproba.

Así mesmo, quedan derogadas a disposición adicional décimo primeira e disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, co contido actualizado que se incorpora ó texto refundido que se aproba.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE REGULACIÓN DOS PLANS E FONDOS DE PENSIONES

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza dos plans de pensións.*

1. Os plans de pensións definen o dereito das persoas a favor das cales se constitúen a percibir rendas ou capitais por xubilación, supervivencia, viuvez, orfandade ou invalidez, as obrigas de contribución a eles e, na medida permitida por esta lei, as regras de constitución e funcionamento do patrimonio que ó cumprimento dos dereitos que reconece ha de afectarse.

2. Constituídos voluntariamente, as súas prestacións non serán, en ningún caso, substitutivas das preceptivas no réxime correspondente da Seguridade Social, tendo, en consecuencia, carácter privado e complementario ou non daquelas.

Queda reservada a denominación de «plans de pensións», así como as súas siglas, ós plans regulados por esta lei.

Artigo 2. *Natureza dos fondos de pensións.*

Os fondos de pensións son patrimonios creados co exclusivo obxecto de dar cumprimento a plans de pensións, a xestión, custodia e control dos cales se realizarán de acordo con esta lei.

Artigo 3. *Entidades promotoras, partícipes e beneficiarios.*

1. Son suxeitos constituíntes dos plans de pensións:

a) O promotor do plan: teñen tal consideración calquera entidade, corporación, sociedade, empresa, asociación, sindicato ou colectivo de calquera clase que insten a súa creación ou participen no seu desenvolvemento.

b) Os partícipes: teñen esta consideración as persoas físicas no interese das cales se crea o plan, con independencia de que realicen ou non achegas.

2. Son elementos persoais dun plan de pensións os suxeitos constituíntes e os beneficiarios, entendéndose por tales as persoas físicas con dereito á percepción de prestacións, fosen ou non partícipes.

3. Son entidades promotoras dos fondos de pensións as persoas xurídicas que insten e, se é o caso, participen na súa constitución nos termos previstos nesta lei.

Artigo 4. *Modalidades de plans de pensións.*

1. En razón dos suxeitos constituíntes, os plans de pensións suxeitos a esta lei encadraranse necesariamente nunha das seguintes modalidades:

a) Sistema de emprego: corresponde ós plans o promotor dos cales sexa calquera entidade, corporación, sociedade ou empresa e dos que os partícipes sexan os seus empregados.

Nos plans deste sistema o promotor só poderá selo dun, ó que exclusivamente poderán adherirse como partícipes os empregados da empresa promotora, incluído o persoal con relación laboral de carácter especial independentemente do réxime da Seguridade Social aplicable. A condición de partícipes tamén poderá estenderse ós socios traballadores e de traballo nos plans de empre-

go promovidos no ámbito das sociedades cooperativas e laborais, nos termos que regulamentariamente se prexexan.

Así mesmo, o empresario individual que empregue traballadores en virtude de relación laboral poderá promover un plan de pensións do sistema de emprego en interese destes, no que tamén poderá figurar como partícipe.

Varias empresas ou entidades poderán promover conxuntamente un plan de pensións de emprego no que poderán instrumenta-los compromisos susceptibles de seren cubertos por el. Regulamentariamente, adaptarase a normativa dos plans de pensións ás características propias destes plans promovidos de forma conxunta, respectando en todo caso os principios e características básicas establecidos nesta lei.

Regulamentariamente poderanse establecer condicións específicas para estes plans de pensións de promoción conxunta cando os constitúan empresas dun mesmo grupo, pequenas e medianas empresas, así como varias empresas que teñan asumidos compromisos por pensións en virtude dun acordo de negociación colectiva de ámbito superior ó de empresa.

Dentro dun mesmo plan de pensións do sistema de emprego será admisible a existencia de subplans, mesmo se estes son de diferentes modalidades ou articulan en cada un diferentes achegas e prestacións. A integración do colectivo de traballadores ou empregados en cada subplan e a diversificación das achegas do promotor deberase realizar conforme con criterios establecidos mediante acordo colectivo ou disposición equivalente ou segundo o previsto nas especificacións do plan de pensións.

Sen prexuízo do establecido no punto 2 do artigo 1 desta lei, cando no convenio colectivo se establece a incorporación dos traballadores directamente ó plan de pensións, entenderanse adheridos a este, salvo que, no prazo acordado para tal efecto, declaren expresamente por escrito á comisión promotora ou de control do plan que desexan non ser incorporados a el. O anterior entenderase sen prexuízo de que, se é o caso, o convenio condicione as obrigas da empresa cos traballadores á incorporación destes ó plan de pensións.

b) Sistema asociado: corresponde a plans que teñen como promotor ou promotores calquera asociación ou sindicato, sendo os partícipes os seus asociados, membros ou afiliados.

c) Sistema individual: corresponde a plans que teñen como promotor unha ou varias entidades de carácter financeiro e como partícipes calquera persoa física.

2. En razón das obrigas estipuladas, os plans de pensións axustaranse ás modalidades seguintes:

a) Plans de prestación definida, nos que se define como obxecto a contía das prestacións que serán percibidas polos beneficiarios.

b) Plans de achega definida, nos que o obxecto definido é a contía das contribucións dos promotores e, se é o caso, dos partícipes ó plan.

c) Plans mixtos, que teñen como obxecto, simultaneamente, a contía da prestación e a contía da contribución.

3. Os plans dos sistemas de emprego e asociados poderán ser de calquera das tres modalidades anteriores e os do sistema individual só da modalidade de achega definida.

Regulamentariamente poderán determinarse condicións específicas para a promoción de plans de pensións

de promoción conxunta de modalidades mixtas ou de prestación definida.

CAPÍTULO II

Principios e réximes de organización dos plans de pensións

Artigo 5. *Principios básicos dos plans de pensións.*

1. Os plans de pensións deberán cumprir cada un dos seguintes principios básicos:

a) Non discriminación: debe garantirse o acceso como partícipe dun plan a calquera persoa física que reúna as condicións de vinculación ou de capacidade de contratación co promotor que caracterizan cada tipo de contrato.

En particular:

1.º Un plan do sistema de emprego será non discriminatorio cando a totalidade do persoal empregado polo promotor estea acollido ou en condicións de acollerse ó citado plan, sen que poida esixirse unha antigüidade superior a dous anos para acceder a aquel. Calquera plan do sistema de emprego poderá preve-lo acceso cunha antigüidade inferior a dous anos ou desde o ingreso no cadro de persoal do promotor.

2.º A non discriminación no acceso ó plan do sistema de emprego será compatible coa diferenciación de achegas do promotor correspondentes a cada partícipe, conforme a criterios derivados de acordo colectivo ou disposición equivalente ou establecidos nas especificacións do plan.

3.º Un plan do sistema asociado será non discriminatorio cando tódolos asociados da entidade ou entidades promotoras poidan acceder ó plan en igualdade de condicións e de dereitos.

4.º Un plan do sistema individual será non discriminatorio cando calquera persoa que manifeste vontade de adhesión e teña capacidade de obrigarse o poida facer nos termos contractuais estipulados para calquera dos membros adheridos.

b) Capitalización: os plans de pensións instrumentaranse mediante sistemas financeiros e actuariais de capitalización. En consecuencia, as prestacións axustaranse estrictamente ó cálculo derivado de tales sistemas. Regulamentariamente definirase a tipoloxía dos sistemas de capitalización e as súas condicións de aplicación, esixíndose, salvo que medie aseguramento, a constitución de reservas patrimoniais adicionais para garantir a viabilidade do plan.

c) Irrevogabilidade de achegas: as achegas do promotor dos plans de pensións terán o carácter de irrevogables.

d) Atribución de dereitos: as achegas dos partícipes ós plans de pensións determinan para os citados partícipes os dereitos recollidos no artigo 8 desta lei.

e) Integración obrigatoria: integración obrigatoria a un fondo de pensións, nos termos fixados por esta lei, das contribucións económicas a que os promotores e partícipes estiveran obrigados e calquera outro ben adscrito a un plan.

2. Exclusivamente, os plans de pensións que cumpren os requisitos contidos nesta lei poderán acceder ós réximes financeiro e fiscal previstos nela.

3. As achegas anuais máximas ós plans de pensións regulados nesta lei adecuaranse ó seguinte:

a) O total das achegas anuais máximas ós plans de pensións regulados nesta lei, sen incluí-las contribu-

cións empresariais que os promotores de plans de pensións de emprego imputen ós partícipes, non poderá exceder de 7.212,15 euros.

Non obstante, no caso de partícipes maiores de cincuenta e dous anos, o límite anterior incrementarase en 1.202,02 euros adicionais por cada ano de idade do partícipe que exceda de cincuenta e dous anos, fixándose en 22.838,46 euros para partícipes de sesenta e cinco anos ou máis.

b) O conxunto das contribucións empresariais realizadas polos promotores de plans de pensións de emprego a favor dos seus empregados e imputadas a estes terá como límite anual máximo as contías establecidas na alínea a) anterior.

Os empresarios individuais que realicen contribucións empresariais a favor dos seus traballadores, como promotores dun plan de pensións de emprego, poderán realizar achegas propias ó citado plan, ata o límite máximo establecido para as contribucións empresariais. Estas achegas non serán cualificadas como contribucións empresariais, salvo para efectos do cómputo de límites.

c) Os límites establecidos nas alíneas a) e b) anteriores aplicaranse de forma independente e individualmente a cada partícipe integrado na unidade familiar.

d) Excepcionalmente, a empresa promotora poderá realizar achegas a favor dos beneficiarios dun plan de pensións de emprego cando sexa preciso para garantir as prestacións en curso e se puxese de manifesto, a través das revisións actuariais, a existencia dun déficit no plan de pensións.

4. Os plans de pensións terminarán polas seguintes causas:

a) Por deixar de cumprilos principios básicos establecidos no punto 1 deste artigo.

b) Pola paralización da súa comisión de control, de modo que resulte imposible o seu funcionamento, nos termos que se fixen regulamentariamente.

c) Cando o plan de pensións non puidese cumprir no prazo fixado as medidas previstas nun plan de saneamento ou de financiamento esixidos ó abeiro do artigo 34 desta lei ou, cando sendo requirido para elaborar estes plans, non proceda á súa formulación.

d) Por imposibilidade manifesta de levar a cabo as variacións necesarias derivadas da revisión do plan a teor do punto 5 do artigo 9.

e) Por ausencia de partícipes e beneficiarios no plan de pensións durante un prazo superior a un ano.

f) Por disolución do promotor do plan de pensións.

Non obstante, salvo acordo en contrario, non será causa de terminación do plan de pensións a disolución do promotor por fusión ou cesión global do patrimonio, subrogándose a entidade resultante ou cesionaria na condición de promotor do plan de pensións. En caso de disolución da entidade promotora dun plan de pensións do sistema individual, a comisión de control do fondo ou, no seu defecto, a entidade gestora poderá aceptar a substitución daquela por outra entidade.

Se como consecuencia de operacións societarias unha mesma entidade resulta promotora de varios plans de pensións do sistema de emprego, procederase a integrar nun único plan de pensións a tódolos partícipes e os seus dereitos consolidados, e se é o caso ós beneficiarios, no prazo de doce meses desde a data de efecto da operación societaria.

g) Por calquera outra causa establecida nas especificacións do plan de pensións.

A liquidación dos plans de pensións axustarase ó disposto nas súas especificacións, que, en todo caso, deberán respectar a garantía individualizada das prestacións

causadas e preve-la integración dos dereitos consolidados dos partícipes e, se é o caso, dos dereitos derivados das prestacións causadas que permanezan no plan, noutros plans de pensións. Nos plans do sistema de emprego a integración de dereitos consolidados dos partícipes farase, se é o caso, necesariamente no plan ou plans do sistema de emprego nos que os partícipes poidan ostentar tal condición.

Artigo 6. *Especificacións dos plans de pensións.*

1. Os plans de pensións deberán precisar, necesariamente, os aspectos seguintes:

a) Determinación do ámbito persoal do plan, así como a súa modalidade, a teor do estipulado no artigo 4 desta lei.

b) Normas para a constitución e funcionamento da comisión de control do plan no caso de plans de pensións de emprego e asociados.

c) Sistema de financiamento, de acordo co disposto por esta lei.

d) Adscrición a un fondo de pensións, constituído ou que se vaia constituír, segundo o regulado nesta norma.

e) Definición das prestacións e normas para determinar a súa contía, con indicación de se as prestacións son ou non revalorizables e, se é o caso, a forma de revalorización. Así mesmo, precisaranse, se é o caso, os criterios e réximes de diferenciación de achegas e prestacións.

Os plans de pensións que contemplan prestacións definidas para todas ou algunha das contingencias ou prestacións causadas deberán incorporar, como anexo ás especificacións, unha base técnica elaborada por actuario co contido e requisitos que estableza o Ministerio de Economía.

f) Dereitos e obrigas dos partícipes e beneficiarios, contingencias cubertas, así como, se é o caso, a idade e circunstancias que xeran o dereito ás prestacións, forma e condicións destas.

As especificacións deberán preve-la documentación que debe recibilo partícipe no momento da adhesión ó plan e a información periódica que recibirá conforme o previsto nesta lei e as súas normas de desenvolvemento.

g) Causas e circunstancias que faculden os partícipes a modificar ou suspende-las súas achegas e os seus dereitos e obrigas en cada caso.

h) Normas relativas ás altas e baixas dos partícipes.

i) Requisitos para a modificación do plan e procedementos a seguir para a adopción de acordos ó respecto.

j) Causas de terminación do plan e normas para a súa liquidación.

2. Así mesmo, deberán preve-lo procedemento de transferencia dos dereitos consolidados correspondentes ó partícipe que, por cambio de colectivo laboral ou doutra índole, altere a súa adscrición a un plan de pensións, de acordo co previsto nesta lei.

3. A modificación das especificacións dos plans de pensións do sistema asociado e de emprego poderase realizar mediante os procedementos e acordos previstos naquelas. O acordo de modificación poderá ser adoptado pola comisión de control do plan co réxime de maiorías establecido nas especificacións.

Non obstante, nos plans de pensións do sistema de emprego as especificacións poderán prever que a modificación do réxime de prestacións e achegas ou calquera

outro extremo, e se é o caso a conseguinte adaptación da base técnica, poida ser acordada, conforme o previsto nesta norma, mediante acordo colectivo entre a empresa e a representación dos traballadores.

As especificacións dos plans de pensións do sistema individual poderán modificarse por acordo do promotor, logo de comunicación por este ou pola entidade xestora ou depositaria correspondente, con polo menos un mes de antelación ós partícipes e beneficiarios.

Artigo 7. A comisión de control do plan de pensións e o defensor do partícipe.

1. O funcionamento e execución de cada plan de pensións do sistema de emprego será supervisado por unha comisión de control constituída para o efecto. A comisión de control do plan terá as seguintes funcións:

a) Supervisa-lo cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire ós dereitos dos seus partícipes e beneficiarios.

b) Selecciona-lo actuario ou actuarios que deban certifica-la situación e dinámica do plan.

c) Nomea-los representantes da comisión de control do plan na comisión de control do fondo de pensións ó que estea adscrito.

d) Propor e, se é o caso, decidir nas demais cuestións sobre as que esta lei lle atribúe competencia.

e) Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses dos partícipes e beneficiarios en relación co plan de pensións.

2. A comisión de control do plan de pensións de emprego estará formada por representantes do promotor ou promotores e representantes dos partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios. Os representantes dos partícipes poderán te-la representación dos beneficiarios do plan de pensións.

Os plans de pensións do sistema de emprego poderán preve-la representación específica na comisión de control dos partícipes, e se é o caso dos beneficiarios, de cada un dos subplans que se definan dentro do mesmo plan.

Nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta poderán establecerse sistemas de representación conxunta ou agregada na comisión de control dos colectivos de promotores, partícipes e beneficiarios, respectivamente.

Nos plans de pensións do sistema de emprego poderán establecerse procedementos de designación directa dos membros da comisión de control por parte da comisión negociadora do convenio, ou designación dos representantes dos partícipes e beneficiarios por acordo da maioría dos representantes dos traballadores na empresa. Así mesmo, nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta constituídos en virtude de acordos de negociación colectiva de ámbito supraempresarial, poderanse prever procedementos de designación da comisión de control por parte da comisión negociadora ou por parte da representación de empresas e traballadores no dito ámbito. A designación dos representantes na comisión de control poderá coincidir con todos ou parte dos compoñentes da comisión negociadora ou representantes das partes referidas.

As decisións da comisión de control do plan adoptaranse de acordo coas maiorías estipuladas nas especificacións do plan, resultando admisible que estas especificacións prevexan maiorías cualificadas.

Regulamentariamente poderán regularse os sistemas para a designación ou elección dos membros das comisións de control dos plans de emprego, poderán esta-

blecerse as condicións e porcentaxes de representación e as condicións de funcionamento destas en desenvolvemento do previsto nesta lei.

Cando no desenvolvemento dun plan este quedara sen partícipes, a súa representación corresponderá ós beneficiarios.

3. Nos plans de pensións do sistema de emprego, a representación dos elementos persoais na comisión de control axustarase ós seguintes criterios:

a) Con carácter xeral, a representación dos promotores será paritaria (do 50 por cento).

b) Cando o plan de pensións sexa de achega definida para a continxencia de xubilación, as decisións que afecten a política de investimento do fondo de pensións incluírán, polo menos, o voto favorable da metade dos representantes dos partícipes na comisión de control.

c) Nos plans de pensións da modalidade de prestación definida ou mixtos, as decisións que afecten o custo económico asumido pola empresa das prestacións definidas incluírán, polo menos, o voto favorable da metade dos representantes do promotor ou promotores.

Regulamentariamente poderase desenvolver-lo réxime e condicións de representación.

4. O funcionamento e execución de cada plan de pensións do sistema asociado será supervisado por unha comisión de control que terá as funcións previstas no punto 1 anterior e estará formada por representantes do promotor ou promotores e partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios do plan. Se o plan quedase sen partícipes, a representación atribuída a estes corresponderá ós beneficiarios.

Na comisión de control dun plan asociado a maioría dos seus membros, independentemente da representación que teñan, deberá estar composta por partícipes asociados ou afiliados da entidade promotora.

As especificacións dun plan de pensións asociado deberán preve-lo sistema de designación ou elección dos membros da comisión de control, podéndose preve-la designación por parte dos órganos de goberno ou asemblearios da entidade promotora. A designación dos representantes na comisión de control poderá recaer en membros integrantes destes órganos.

Regulamentariamente poderán regularse os sistemas para a designación ou elección dos membros das comisións de control dos plans asociados, poderán establecerse as condicións e porcentaxes de representación e as condicións de funcionamento destas en desenvolvemento do previsto nesta lei.

5. Nos plans de pensións do sistema individual non se constituirá comisión de control do plan, correspondendo ó promotor as funcións e responsabilidades que á dita comisión se asignan nesta lei.

Nos plans de pensións deste sistema deberá designarse o defensor do partícipe, que tamén o será dos beneficiarios.

As entidades promotoras destes plans de pensións, ben individualmente, ben agrupadas por pertencer a un mesmo grupo, ámbito territorial ou calquera outro criterio, deberán designar como defensor do partícipe entidades ou expertos independentes de recoñecido prestixio, á decisión dos cales se someterán as reclamacións que formulen os partícipes e beneficiarios ou os seus dereito habentes contra as entidades xestoras ou depositarias dos fondos de pensións en que estean integrados os plans ou contra as propias entidades promotoras dos plans individuais.

A decisión do defensor do partícipe favorable á reclamación vinculará ás ditas entidades. Esta vinculación non será obstáculo á plenitude de tutela xudicial, ó recurso

a outros mecanismos de solución de conflitos ou arbitraje, nin ó exercicio das funcións de control e supervisión administrativa.

O promotor do plan de pensións individual, ou a entidade xestora do fondo de pensións no que se integre, deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a designación do defensor do partícipe e a súa aceptación, así como as normas de procedemento e prazo establecido para a resolución das reclamacións, que, en ningún caso, poderá exceder de dous meses desde a presentación daquelas.

Os gastos de designación, funcionamento e remuneración do defensor do partícipe en ningún caso serán asumidos polos reclamantes nin polos plans e fondos de pensións correspondentes.

O previsto neste punto entenderase sen prexuízo da aplicación, se é o caso, do establecido na normativa específica sobre protección de clientes de servicios financeiros.

CAPÍTULO III

Réxime financeiro dos plans de pensións

Artigo 8. *Achegas e prestacións.*

1. Os plans de pensións instrumentaranse mediante sistemas financeiros e actuariais de capitalización que permitan establecer unha equivalencia entre as achegas e as prestacións futuras ós beneficiarios.

Estes sistemas financeiros e actuariais deberán implicar a formación de fondos de capitalización, provisións matemáticas e outras provisións técnicas suficientes para o conxunto de compromisos do plan de pensións.

En todo caso deberá constituírse unha marxe de solvencia mediante as reservas patrimoniais necesarias para compensar as eventuais desviacións que por calquera causa puidesen presentarse.

As normas de constitución e cálculo dos fondos de capitalización, provisións técnicas e da marxe de solvencia estableceranse no regulamento desta lei.

2. O plan poderá prever a contratación de seguros, avais e outras garantías coas correspondentes entidades financeiras para a cobertura de riscos determinados ou o aseguramento ou garantía das prestacións.

3. As contribucións ou achegas serán realizadas polo promotor ou promotores e polos partícipes, respectivamente, nos casos e forma que, de conformidade con esta lei, estableza o respectivo plan de pensións, determinándose e efectuándose as prestacións segundo as normas que este conteña.

4. A titularidade dos recursos patrimoniais afectos a cada plan corresponderá ós partícipes e beneficiarios.

5. De acordo co previsto en cada plan de pensións, as prestacións poderán ser, nos termos que regulamentariamente se determinen:

- a) Prestación en forma de capital, consistente nunha percepción de pagamento único.
- b) Prestación en forma de renda.
- c) Prestacións mixtas, que combinen rendas de calquera tipo cun único cobro en forma de capital.

6. As continxencias polas que se satisfarán as prestacións anteriores poderán ser:

- a) Xubilación: para a determinación desta continxencia aplicarase o previsto no réxime de Seguridade Social correspondente.

Cando non sexa posible o acceso dun partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida a partir

da idade ordinaria de xubilación no réxime xeral da Seguridade Social, no momento no que o partícipe non exerza ou cesase na actividade laboral ou profesional, e non se encontre cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da Seguridade Social. Non obstante, poderá anticiparse a percepción da prestación correspondente a partir dos sesenta anos de idade, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Os plans de pensións poderán prever o pagamento da prestación correspondente á xubilación en caso de que o partícipe, calquera que sexa a súa idade, extinga a súa relación laboral e pase a situación legal de desemprego como consecuencia de expediente de regulación de emprego aprobado pola autoridade laboral. Regulamentariamente poderán establecerse condicións para o mantemento ou reanudación das achegas a plans de pensións neste suposto.

A partir do acceso á xubilación, as achegas a plans de pensións só poderán destinarse á continxencia de falecemento. O mesmo réxime se aplicará, cando non sexa posible o acceso á xubilación, ás achegas que se realicen a partir da idade ordinaria de xubilación ou a partir do cobro anticipado da prestación correspondente. Regulamentariamente poderán establecerse as condicións baixo as cales poderán reanudarse as achegas para xubilación con motivo da alta posterior nun réxime de Seguridade Social por exercicio ou reemprendemento de actividade.

O disposto nesta alínea a) entenderase sen prexuízo das achegas a favor de beneficiarios que realicen os promotores dos plans de pensións do sistema de emprego ó abeiro do previsto no punto 3 do artigo 5 desta lei.

b) Incapacidade laboral total e permanente para a profesión habitual ou absoluta e permanente para todo traballo, e a grande invalidez, determinadas conforme o réxime correspondente de Seguridade Social.

Regulamentariamente poderá regularse o destino das achegas para continxencias susceptibles de acaecer nas persoas incursas nas ditas situacións.

c) Morte do partícipe ou beneficiario, que pode xerar dereito a prestacións de viuvez, orfandade ou a favor doutros herdeiros ou persoas designadas.

Para efectos do previsto na disposición adicional primeira desta lei, as continxencias que deberán instrumentarse nas condicións establecidas nela serán as de xubilación, incapacidade e falecemento vistas respectivamente nas alíneas a) b) e c) anteriores.

Os compromisos asumidos polas empresas cos traballadores que extingan a súa relación laboral con aquelas e pasen a situación legal de desemprego como consecuencia dun expediente de regulación de emprego, que consistan no pagamento de prestacións con anterioridade á xubilación, poderán ser obxecto de instrumentación, con carácter voluntario, de acordo co réxime previsto na disposición adicional primeira desta lei, e neste caso someteranse á normativa financeira e fiscal derivada desta.

7. Constitúen dereitos consolidados polos partícipes dun plan de pensións os seguintes:

a) Nos plans de pensións de achega definida, a cota parte que corresponde ó partícipe, determinada en función das achegas, rendementos e gastos.

b) Nos plans de prestación definida, a reserva que lle corresponda de acordo co sistema actuarial utilizado.

8. Os partícipes só poderán facer efectivos os seus dereitos consolidados nos supostos de desemprego de longa duración ou de enfermidade grave. Regula-

tariamente determinaranse estas situacións, así como as condicións e termos en que se poderán facer efectivos os dereitos consolidados en tales supostos. En todo caso, as cantidades percibidas nestas situacións suxeitaranse ó réxime fiscal establecido pola lei para as prestacións dos plans de pensións.

Os dereitos consolidados nos plans de pensións do sistema asociado e individual poderán mobilizarse a outro plan ou plans de pensións por decisión unilateral do partícipe ou por perda da condición de asociado do promotor nun plan de pensións do sistema asociado ou por terminación do plan.

Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de pensións do sistema individual e asociado tamén se poderán mobilizar a outros plans de pensións a petición do beneficiario, sempre e cando as condicións de garantía e aseguramento da prestación así o permitan e nas condicións previstas nas especificacións dos plans de pensións correspondentes. Esta mobilización non modificará a modalidade e condicións de cobro das prestacións.

Non obstante, os dereitos consolidados dos partícipes nos plans de pensións do sistema de emprego non poderán mobilizarse a outros plans de pensións, salvo no suposto de extinción da relación laboral e nas condicións que regulamentariamente se establezan, e só se estivese previsto nas especificacións do plan, ou por terminación do plan de pensións. Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de emprego non poderán mobilizarse, salvo por terminación do plan de pensións.

Os dereitos consolidados do partícipe nun plan de pensións non poderán ser obxecto de embargo, traba xudicial ou administrativa, ata o momento en que se cause o dereito á prestación ou en que se fagan efectivos nos supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración.

9. Por instancia dos partícipes deberán expedirse certificados de pertenza ós plans de pensións, que, en ningún caso, serán transmisibles.

10. As prestacións dos plans de pensións deberán ser aboadas ó beneficiario ou beneficiarios previstos ou designados, salvo que mediase embargo, traba xudicial ou administrativa, caso en que se aplicará o que dispoña o mandamento correspondente

Artigo 9. *Aprobación e revisión dos plans de pensións.*

1. O promotor do plan de pensións elaborará o proxecto inicial do plan, que incluírá as especificacións recollidas no artigo 6 desta lei.

a) No sistema de emprego, unha vez elaborado o proxecto, instarase a constitución dunha comisión promotora con representación do promotor ou promotores e dos traballadores ou potenciais partícipes.

Esta comisión estará formada e operará de acordo co previsto no artigo 7 para a comisión de control dun plan de pensións, coas adaptacións que se prevexan regulamentariamente.

Para os plans de pensións do sistema de emprego poderán establecerse procedementos de designación directa dos membros da comisión promotora por parte da comisión negociadora do convenio, ou designación dos representantes de empregados por acordo da maioría dos representantes dos traballadores na empresa.

Mediante acordo colectivo de ámbito supraempresarial poderase establecer o proxecto inicial dun plan de pensións do sistema de emprego de promoción conxunta

para as empresas incluídas no seu ámbito, podendo ser designada a comisión promotora directamente pola comisión negociadora do convenio ou, no seu defecto, pola representación das empresas e dos traballadores no referido ámbito supraempresarial.

b) No caso dos plans de pensións do sistema individual e asociado, serán as entidades promotoras as que adoptarán os acordos e exercerán as funcións asignadas por esta normativa á comisión promotora dos plans de pensións do sistema de emprego.

2. A comisión promotora poderá adoptar os acordos que estime oportunos para ultimar e executa-lo contido do proxecto e solicitará, agás nos plans de achega definida que non prevexan a posibilidade de outorgar ningunha garantía a partícipes ou beneficiarios, dictame dun actuário sobre a suficiencia do sistema financeiro e actuário do proxecto definitivo de plan de pensións resultante do proceso de negociación. O referido proxecto deberá ser adoptado por acordo das partes presentes na comisión promotora.

Obtido o dictame favorable, a comisión promotora procederá á presentación do referido proxecto ante o fondo de pensións en que pretenda integrarse.

3. Á vista do proxecto do plan de pensións, o fondo de pensións ou, segundo corresponda, a entidade xestora deste, adoptará, se é o caso, o acordo de admisión do plan no fondo por entender, baixo a súa responsabilidade, que se cumpren os requisitos establecidos nesta lei, comunicándollo á comisión promotora ou, no seu defecto, ó promotor do plan.

4. Efectuada a comunicación anterior, poderá facerse efectiva a incorporación ó plan de partícipes, debendo a comisión promotora dun plan de emprego ou o promotor dun plan asociado instar a constitución da pertinente comisión de control do plan nos prazos e condicións que regulamentariamente se establezan. Mentres non se constituía a comisión de control, as funcións atribuídas a esta pola presente lei corresponderán á comisión promotora ou ó promotor do plan asociado, se é o caso.

En virtude de acordo adoptado pola empresa cos representantes dos traballadores nela, a comisión promotora, unha vez formalizado o plan de pensións do sistema de emprego, poderá efectuar directamente a incorporación a este dos partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios, debendo sinalarse un prazo para que os que non desexen incorporarse ó plan llo comuniquen por escrito. Tamén será admisible a subscripción de documentos individuais ou colectivos de adhesión ó plan do sistema de emprego en virtude de delegación expresa outorgada polos partícipes.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo de que, se é o caso, o convenio colectivo ou disposición equivalente que estableza os compromisos por pensións condicione a obriga da empresa á súa instrumentación a través dun plan do sistema de emprego, ou das accións e dereitos que corresponda exercer en caso de discrepancia ou información inadecuada sobre os procesos de incorporación ó plan.

Reglamentariamente poderanse establecer condicións específicas relativas á incorporación de elementos persoais ós plans de pensións e requisitos dos documentos de adhesión, así como normas especiais para os plans de pensións de emprego de promoción conxunta.

5. O sistema financeiro e actuário dos plans deberá ser revisado polo menos cada tres anos por un actuário independente designado pola comisión de control, con encomenda expresa e exclusiva de realiza-la revisión

actuarial. Se, como resultado da revisión, se vise a necesidade ou conveniencia de introducir variacións nas achegas e contribucións, nas prestacións previstas, ou noutros aspectos con incidencia no desenvolvemento financeiro-actuarial, someterase á comisión de control do plan para que propoña ou acorde o que estime procedente, de conformidade coa alínea i) do punto 1 do artigo 6.

Regulamentariamente determinarase o contido e alcance da referida revisión actuarial, así como as funcións do actuario ó cal se encomende a revisión e que necesariamente deberá ser persoa distinta ó actuario ou actuarios que, se é o caso, interveñan no desenvolvemento ordinario do plan de pensións.

Nos plans de achega definida que non outorguen ningunha garantía a partícipes ou beneficiarios, poderá substituírse a revisión actuarial por un informe económico-financeiro emitido pola entidade xestora e incluído nas contas anuais auditadas, co contido que regulamentariamente se estableza.

6. A aprobación e revisión dos plans de pensións do sistema de emprego promovidos por pequenas e medianas empresas rexeranse por normas específicas fixadas regulamentariamente, axustándose ás seguintes bases:

a) Na determinación do ámbito de aplicación deberá terse en conta a modalidade destes plans, o número de traballadores, a cifra anual de negocios e o total das partidas de activo das empresas afectadas.

b) O procedemento de inscrición nos rexistros mercantís, así como o dictame e revisión actuariais, destes plans de pensións poderán adecuarse ás especiais características destes. O dictame e revisión actuariais poderán non ser esixibles en determinados casos.

c) Gozarán dunha redución do 30 por 100 os dereitos que os notarios e rexistradores teñan que percibir como consecuencia da aplicación dos seus respectivos aranceis polos negocios, actos e documentos necesarios para a tramitación da inscrición, nomeamento e cesamento dos membros da comisión de control e mobilización destes plans de pensións.

Artigo 10. *Integración no fondo de pensións.*

1. Para a instrumentación dun plan de pensións, as contribucións económicas a que os promotores e os partícipes do plan estivesen obrigados integraranse inmediata e necesariamente nunha conta de posición do plan no fondo de pensións, con cargo á cal se atenderá o cumprimento das prestacións derivadas da execución do plan. Esta conta recollerá, así mesmo, os rendementos derivados dos investimentos do fondo de pensións que, nos termos desta lei, se asignen ó plan.

2. Regulamentariamente fixaranse as condicións a que se suxeitarán as relacións entre o plan e o fondo de pensións, e en particular as referentes ó traspaso da conta de posición do plan desde un fondo de pensións a outro, así como á liquidación do plan.

Regulamentariamente poderanse establecer as condicións e requisitos nos que a comisión de control dun plan de pensións do sistema de emprego adscrito a un fondo pode canalizar recursos da súa conta de posición a outros fondos de pensións ou adscribirse a varios, xestionados, se é o caso, por diferentes entidades xestoras.

3. A comisión de control do plan de pensións supervisará a adecuación do saldo da conta de posición do plan ós requirimentos do réxime financeiro deste.

4. Os plans de pensións do sistema de emprego integraranse necesariamente en fondos de pensións que teñan un ámbito de actuación que se limite ó desenvolvemento de plans de pensións do dito sistema.

CAPÍTULO IV

Constitución e réxime de organización dos fondos de pensións

Artigo 11. *Constitución dos fondos de pensións.*

1. Os fondos de pensións constituiranse, logo de autorización administrativa do Ministerio de Economía, en escritura pública outorgada pola entidade promotora e inscribíranse no rexistro especial administrativo que para o efecto se estableza e no rexistro mercantil. Carecerán de personalidade xurídica e serán administrados e representados conforme o disposto nesta lei.

2. A escritura de constitución deberá conter necesariamente as seguintes mencións:

a) A denominación ou razón social e o domicilio da entidade ou entidades promotoras.

b) A denominación ou razón social e o domicilio das entidades xestora e depositaria e a identificación das persoas que exercen a administración e representación daquelas.

c) A denominación do fondo, que deberá ser seguida, en todo caso, da expresión «fondo de pensións».

d) O obxecto do fondo conforme esta lei.

e) As normas de funcionamento, que especificarán, polo menos:

1.º O ámbito de actuación do fondo.

2.º O procedemento para a elección e renovación e a duración do mandato dos membros da comisión de control do fondo, así como o funcionamento desta.

3.º A política de investimentos dos recursos achegados ó fondo.

4.º Os criterios de imputación de resultados, de conformidade co disposto nesta lei.

5.º Os sistemas actuariais que poden utilizarse na execución dos plans de pensións.

6.º A comisión máxima que teña que satisfacerse á entidade xestora, sen prexuízo do disposto no punto 4 do artigo 20 desta lei.

7.º As normas de distribución dos gastos de funcionamento a que se refire o punto 6 do artigo 14 desta lei.

8.º Os requisitos para a modificación das normas de funcionamento e para a substitución das entidades xestora e depositaria. En ningún caso poderá operarse a substitución sen o previo acordo da comisión, oídas as subcomisións, de control do fondo de pensións, salvo o establecido no artigo 23 desta lei.

9.º As normas que teñan que rexe-la disolución e liquidación do fondo.

3. Con carácter previo á constitución do fondo os promotores deberán obter autorización do Ministerio de Economía, ós termos da cal se acomodará, se é o caso, a escritura de constitución. O outorgamento da autorización en ningún caso poderá ser título que cause a responsabilidade da Administración do Estado.

4. Obtida a autorización administrativa previa, no rexistro mercantil abríraselle a cada fondo unha folla de inscrición na que será primeiro asento o correspondente á escritura de constitución e conterá os extremos que esta debe expresar, aplicándose as normas que regulan o rexistro mercantil.

5. Crearanse no Ministerio de Economía o Rexistro Administrativo de Fondos de Pensións e o de Entidades Xestoras de Fondos de Pensións. Os fondos de pensións inscribíranse necesariamente no rexistro administrativo, no que se fará constar a escritura de constitución e as modificacións posteriores autorizadas na forma prevista

neste artigo. Ademais, deberase facer consta-lo plan ou plans de pensións a que cada fondo de pensións estea afecto, así como as sucesivas incidencias que lles afecten.

6. Queda reservada a denominación de «fondos de pensións», así como as súas siglas, ós constituídos de acordo con esta lei.

7. A inscrición no rexistro administrativo esixe o cumprimento previo de tódolos demais requisitos de constitución.

8. Poderán constituírse fondos de pensións que instrumenten un único plan de pensións.

9. Os fondos de pensións poderán encadrarse dentro de dous tipos:

a) Fondo aberto, caracterizado por poder canalizalos investimentos doutros fondos de pensións.

b) Fondo cerrado, que instrumenta exclusivamente os investimentos do plan ou plans de pensións integradon nel.

10. Nos fondos de pensións que integran plans de pensións de prestación definida e nos fondos de pensións abertos poderá requirirse a constitución dun patrimonio inicial mínimo, segundo niveis fixados regulamentariamente en razón das garantías esixidas para o seu correcto desenvolvemento financeiro.

Artigo 12. *Responsabilidade.*

1. Os acredores dos fondos de pensións non poderán facer efectivos os seus créditos sobre os patrimonios dos promotores dos plans e dos partícipes, a responsabilidade dos cales está limitada ós seus respectivos compromisos de achega ós seus plans de pensións adscritos.

2. O patrimonio dos fondos non responderá polas débedas das entidades promotora, xestora e depositaria.

Artigo 13. *Administración dos fondos de pensións.*

Os fondos de pensións serán administrados, coas limitacións establecidas no artigo 14, por unha entidade xestora co concurso dun depositario e baixo a supervisión dunha comisión de control, na forma que regulamentariamente se determine.

Artigo 14. *Comisión de control do fondo de pensións.*

1. Nos fondos de pensións constituirase unha comisión de control do fondo cunha composición que se axustará ás seguintes condicións:

a) No caso dos fondos de pensións que integren plans de pensións do sistema de emprego só poderán integrar plans desta modalidade.

Se un mesmo fondo instrumenta varios plans de pensións de emprego, a súa comisión de control poderá formarse con representantes de cada un dos plans ou mediante unha representación conxunta dos plans de pensións integrados nel.

Se o fondo integra un único plan de pensións de emprego, a comisión de control do plan exercerá as funcións da comisión de control do fondo.

b) Nos fondos de pensións distintos dos recollidos na alínea a) anterior, a comisión de control formarase con representantes de cada un dos plans adscritos a el.

No caso de plans de pensións do sistema asociado estes representantes serán designados polas respectivas

comisións de control dos plans. Se o fondo integra un único plan do sistema asociado, a comisión de control do plan exercerá as funcións de comisión de control do fondo.

No caso dos plans do sistema individual estes representantes serán designados polas respectivas entidades promotoras dos plans. Para tal efecto, se entre os plans adscritos ó fondo houberse dous ou máis plans do sistema individual promovidos pola mesma entidade promotora, esta poderá designar unha representación conxunta dos ditos plans na comisión de control do fondo.

Se o fondo integra exclusivamente un ou varios plans do sistema individual promovidos pola mesma entidade, non será precisa a constitución dunha comisión de control do fondo, correspondéndolle en tal caso ó promotor do plan ou plans as funcións e responsabilidades asignadas por esta normativa á dita comisión.

2. As funcións da comisión de control do fondo de pensións son, entre outras:

a) Supervisión do cumprimento dos plans adscritos.

b) Control da observancia das normas de funcionamento, do propio fondo e dos plans.

c) Nomeamento dos expertos a actuación dos cales esta esixida nesta lei, sen prexuízo das facultades previstas dentro de cada plan de pensións.

d) Proposta e, se é o caso, decisión nas demais cuestións sobre as que esta lei lle atribúe competencia.

Poderá recoller das entidades xestora e depositaria a información que resulte pertinente para o exercicio das súas funcións.

e) Representación do fondo, podendo delegar na entidade xestora para o exercicio das súas funcións.

f) Exame e aprobación da actuación da entidade xestora en cada exercicio económico, esixíndolle, se é o caso, a responsabilidade prevista no artigo 22 desta lei.

g) Substitución da entidade xestora ou depositaria, nos termos previstos no artigo 23.

h) Suspensión da execución de actos e acordos contrarios ós intereses do fondo.

i) Se é o caso, aprobación da integración no fondo de novos plans de pensións.

3. Por razóns de heteroxeneidade nos tipos de plans de pensións adscritos a un mesmo fondo ou de dimensión deste, poderá arbitrarse a constitución, no seo da comisión de control, de subcomisións que operarán segundo áreas homoxéneas de plans ou segundo modalidades de investimento.

4. O cargo de vocal dunha comisión será temporal e gratuito. Nas normas de funcionamento do fondo consignarase o procedemento para a elección e renovación dos seus membros, a duración do seu mandato, así como os casos e formas en que deba reunirse a mencionada comisión de control do fondo.

5. Unha vez elixidos os membros da comisión de control do fondo, designarán entre si os que teñan que exerce-la presidencia e a secretaría. A comisión quedará validamente constituída cando, debidamente convocados, concorra a maioría dos seus membros, e adoptará os seus acordos por maioría, tendo en conta o previsto no parágrafo seguinte.

No caso de que o fondo integre varios plans de pensións, ponderarase o voto dos representantes designados por cada plan en atención ó seu número e á parte de interese económico que o plan teña no fondo ou, se é o caso, o interese económico do conxunto de plans

do sistema individual do mesmo promotor se este tivese designado unha representación conxunta dos seus plans.

6. O fondo soportará os gastos de funcionamento da comisión de control, se ben poderá acordarse a súa asunción total ou parcial polas entidades promotoras.

Non obstante o anterior, se o fondo integra plans do sistema individual, tales gastos serán de conta dos promotores.

Artigo 15. *Disolución e liquidación dos fondos de pensións.*

1. Procederá a disolución dos fondos de pensións:

a) Por revogación da autorización administrativa ó fondo de pensións.

b) Pola paralización da súa comisión de control, de modo que resulte imposible o seu funcionamento, nos termos que se fixen regulamentariamente.

c) Por concorreren os supostos previstos no artigo 23 desta lei.

d) Por decisión da comisión de control do fondo ou, de esta non existir, se así o deciden de común acordo o seu promotor, entidade xestora e depositaria.

e) Por calquera outra causa establecida nas súas normas de funcionamento.

2. Unha vez disolto o fondo de pensións abriase o período de liquidación, engadíndose á súa denominación as palabras «en liquidación», e realizando as correspondentes operacións conxuntamente a comisión de control do fondo e a entidade xestora nos termos que regulamentariamente se determinen.

Será admisible que as normas do fondo de pensións preveñan que, en caso de liquidación deste, tódolos plans deban integrarse nun único fondo de pensións.

En todo caso, serán requisitos previos á extinción dos fondos de pensións a garantía individualizada das prestacións causadas e a continuación dos plans de pensións vixentes a través doutro ou outros fondos de pensións xa constituídos ou que se vaian constituír.

3. O acordo de disolución inscribírase no rexistro mercantil e no rexistro administrativo, publicándose, ademais, no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» e nun dos diarios de maior circulación do lugar do domicilio social.

Ultimada a liquidación, tras cumpri-lo preceptuado no parágrafo terceiro do punto 2 precedente, os liquidadores deberán solicitar do rexistrador mercantil e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a cancelación respectiva dos asentos referentes ó fondo de pensións extinguido.

CAPÍTULO V

Réxime financeiro dos fondos de pensións

Artigo 16. *Investimentos dos fondos de pensións.*

1. O activo dos fondos de pensións estará investido de acordo con criterios de seguridade, rendibilidade, diversificación e de prazos adecuados ás súas finalidades.

Reglamentariamente establecerase o límite mínimo, non inferior ó 75 por cento do activo do fondo, que se investirá en activos financeiros contratados en mercados regulados, en depósitos bancarios, en créditos con garantía hipotecaria e en inmobles.

2. Reglamentariamente poderanse fixar porcentaxes mínimas ou máximas de investimento en deter-

minadas categorías xerais de investimentos en que se materialice o activo dos fondos de pensións, co fin de asegura-la súa liquidez ou solvencia e sen que, en ningún caso, poidan entrañar obrigas de investir en activos financeiros específicos dunha rendibilidade que non se adecue ás condicións xerais dos mercados financeiros.

3. O investimento en activos estranxeiros será regulado pola lexislación correspondente, computándose na porcentaxe indicada á súa natureza. Reglamentariamente poderanse establecer normas de congruencia monetaria entre as moedas de realización dos investimentos dos fondos de pensións e as moedas en que teñen que satisfacerse os seus compromisos.

4. Reglamentariamente estableceranse porcentaxes e criterios de diversificación dos investimentos en valores emitidos ou avalados por unha mesma entidade ou de entidades pertencentes a un mesmo grupo.

As porcentaxes de diversificación estableceranse sobre o valor nominal dos títulos emitidos ou avalados polas entidades de referencia, incluíndose, se é o caso, os créditos outorgados a elas ou avalados por elas.

Reglamentariamente poderanse establecer porcentaxes de diversificación sobre o activo do fondo de pensións para determinados tipos de investimentos, en función das súas características, en institucións de investimento colectivo, en inmobles, en valores non cotizados en mercados organizados, especialmente de pequenas e medianas empresas e en capital risco.

Así mesmo, reglamentariamente poderanse establecer limitacións ós investimentos dos fondos de pensións en activos financeiros que figuren no pasivo de entidades promotoras dos plans de pensións adscritos ó fondo, das entidades xestoras e depositarias destes ou de entidades pertencentes ó mesmo grupo de calquera delas ou aquelas.

As porcentaxes de diversificación previstas neste punto non serán de aplicación ós activos ou títulos emitidos ou avalados polo Estado ou polos seus organismos autónomos, polas comunidades autónomas, corporacións locais ou por administracións públicas equivalentes de estados pertencentes á OCDE, ou polas institucións ou organismos internacionais dos que España sexa membro e por aqueloutros que así resulte de compromisos internacionais que España poida asumir.

5. Para os efectos deste artigo, consideraranse pertencentes a un mesmo grupo as sociedades que se encontren nos supostos recollidos no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xuño, do mercado de valores.

Cando a pertenza a un mesmo grupo sexa unha circunstancia sobrevida con posterioridade ó investimento, o fondo deberá regulariza-la composición do seu activo nun prazo dun ano.

No caso de fondos de pensións administrados por unha mesma entidade xestora ou por distintas entidades xestoras pertencentes ó mesmo grupo de sociedades, o Goberno poderá dispor que as limitacións establecidas no punto 4 anterior se calculen tamén con relación ó balance consolidado dos ditos fondos.

6. Os tipos de xuro dos depósitos dos fondos de pensións serán libres.

Artigo 17. *Condicións xerais das operacións.*

1. Os fondos de pensións realizarán as operacións sobre activos financeiros admitidos a cotización en bolsa ou nun mercado organizado dos citados no punto 1 do artigo 16, de forma que incidan de maneira efectiva nos prezos coa concorrencia de ofertas e demandas plu-

rais, salvo que a operación poida realizarse en condicións máis favorables para o fondo ca das resultantes do mercado.

2. En xeral, os fondos de pensións non poderán outorgar crédito ós partícipes dos plans de pensións adscritos, salvo nos casos excepcionais que se sinalen regulamentariamente.

3. A adquisición e alleamento de bens inmoables deberán ir precedidos necesariamente da súa taxación, realizada na forma prevista na Lei de regulación do mercado hipotecario e a súa lexislación complementaria.

4. As entidades xestora e depositaria dun fondo de pensións, así como os seus conselleiros e administradores, e os membros da comisión de control, non poderán comprar nin vender para si elementos dos activos do fondo nin directamente nin por persoa ou entidade interposta. Análoga restricción se aplicará á contratación de créditos.

5. Os bens dos fondos de pensións só poderán ser obxecto de garantía para asegura-lo cumprimento das obrigas do fondo, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 18. *Obrigas fronte a terceiro.*

As obrigas fronte a terceiro non poderán exceder en ningún caso do 5 por cento do activo do fondo. Non se terán en conta para estes efectos os débitos contraídos na adquisición de elementos patrimoniais no período que transcorra ata a liquidación total da correspondente operación, nin os existentes fronte ós beneficiarios ata o momento do pagamento das correspondentes prestacións.

Artigo 19. *Contas anuais.*

1. Dentro do primeiro cuadrimestre de cada exercicio económico as entidades xestoras de fondos de pensións deberán:

a) Formular e someter á aprobación dos órganos competentes as contas anuais da entidade xestora, debidamente auditadas nos termos do punto 4 seguinte, e presenta-la documentación e información citada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e ás comisións de control do fondo e dos plans de pensións adscritos ó fondo.

b) Formula-lo balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria explicativa do exercicio anterior do fondo ou fondos administrados, debidamente auditados de acordo coa alínea a), someter estes documentos á aprobación da comisión de control do fondo respectivo, quen poderá dar a esta a difusión que estime pertinente, e presenta-la documentación e información do dito fondo ou fondos do mesmo modo que regula o parágrafo precedente.

2. Dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico, as entidades xestoras deberán publicar, para a súa difusión xeral, os documentos mencionados no punto 1.

3. Regulamentariamente fixaranse as normas de valoración dos activos dos fondos de pensións, os criterios para a formación da súa conta de resultados e o sistema de asignación destes ós plans adscritos ó fondo.

4. Os documentos citados na alínea a) do punto 1 deberán ser auditados por expertos ou sociedades de

expertos que cumpran os requisitos que se sinalen regulamentariamente. Os informes de auditoría deberán abarcar los aspectos contables financeiros e actuariais, incluíndo un pronunciamento expreso no relativo ó cumprimento do previsto ó respecto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

5. O Ministerio de Economía poderalles esixir ás entidades xestoras de fondos de pensións a realización de auditorías externas excepcionais, co alcance que considere necesario.

6. O Ministerio de Economía establecerá os modelos de balance, conta de resultados e demais estados contables dos fondos de pensións e das súas entidades xestoras, así como os criterios de contabilización e valoración en canto non estean determinados por disposicións do Goberno.

7. O Ministerio de Economía poderá solicitar das entidades xestoras e das depositarias cantos datos contables e estatísticos, públicos ou reservados, referentes a elas e ós fondos de pensións administrados por elas, estean relacionados coas súas funcións de inspección e tutela, e sinalará a periodicidade con que esta información deberá elaborarse e os prazos máximos para a súa entrega ó ministerio.

8. O Ministerio de Economía disporá a publicidade que, se é o caso, deba darse, con carácter agregado ou individual, ós datos citados no punto 7, co obxecto de promover unha información frecuente, rápida e suficiente en favor dos partícipes e beneficiarios ou das comisións de control dos plans de pensións de emprego.

As entidades xestoras deberánlles facilitar ós partícipes e beneficiarios dos plans de pensións, polo menos con carácter trimestral, información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como sobre outros extremos que puidesen afectarlles, especialmente as modificacións normativas, cambios das especificacións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.

Nos plans de pensións do sistema de emprego esta información facilitarase nos termos previstos nas súas especificacións ou nas condicións acordadas pola comisión de control do plan.

O Ministerio de Economía poderá regula-lo contido, requisitos e condicións da referida información na medida que se estime necesario para garantir unha información adecuada ós intereses dos partícipes e beneficiarios.

9. As comisións de control dos plans de pensións poderán solicitar do Ministerio de Economía información sobre datos, referentes ó fondo de pensións ó que estean adscritos ou á súa entidade xestora ou depositaria, non previamente publicados e que estean en poder do ministerio ou que este poida obter.

10. As entidades citadas no punto 2 deste artigo están suxeitas ó cumprimento das obrigas de información previstas no ordenamento xurídico.

CAPÍTULO VI

Entidades xestoras e depositarias de fondos de pensións

Artigo 20. *Entidades xestoras.*

1. Poderán ser entidades xestoras de fondos de pensións as sociedades anónimas que, tendo obtido auto-

rización administrativa previa, reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter un capital desembolsado de 601.012 euros.

Adicionalmente, os recursos propios deberán incrementarse nas porcentaxes que a seguir se indican sobre os excesos do activo total do fondo ou fondos xestionados sobre 6.010.121 euros nos seguintes tramos:

1.º O 1 por 100 para os excesos sobre 6.010.121 euros ata 901.518.157 euros.

2.º O 0,3 por 100 para os excesos sobre 901.518.157 euros ata 3.305.566.574 euros.

3.º O 0,1 por 100 para os excesos sobre 3.305.566.574 euros.

Para estes efectos, computaranse como recursos propios o capital social desembolsado e as reservas que se determinen regulamentariamente.

b) As súas accións serán nominativas.

c) Ter como obxecto social e actividade exclusivos a administración de fondos de pensións.

d) Non poderán emitir obrigas nin acudir ó crédito e terán materializado o seu patrimonio nos activos que regulamentariamente se determinen.

e) Deberán estar domiciliadas en España.

f) Deberán inscribirse no rexistro administrativo establecido no punto 5 do artigo 11 desta lei.

g) Ós socios e ás persoas físicas membros do consello de administración, así como ós directores xerais e asimilados a estes últimos das entidades xestoras de fondos de pensións, resultaralles de aplicación os criterios e réxime de incompatibilidades e limitacións establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 30/1995, de ordenación e supervisión dos seguros privados, sen prexuízo da súa concreción regulamentaria.

2. Tamén poderán ser entidades xestoras de fondos de pensións as entidades aseguradoras autorizadas para operar en España nos seguros de vida, sempre que cumpran os requisitos previstos nas alíneas a), e) e f) do punto anterior.

O límite previsto na alínea a) do punto anterior entenderase aplicable, se é o caso, ó fondo mutual das mutualidades de previsión social. O acceso destas entidades á xestión de fondos de pensións farase notificándollo previamente ó Ministerio de Economía.

3. A denominación de entidade xestora de fondos de pensións queda reservada exclusivamente ás entidades que cumpran os requisitos previstos nos puntos precedentes.

4. Regulamentariamente determinaranse as condicións nas que as entidades xestoras de fondos de pensións poderán contrata-la xestión dos investimentos dos fondos de pensións que administran con terceiras entidades autorizadas conforme as directivas 93/22/CEE, do Consello, do 10 de maio de 1993, relativa ós servicios de investimento no ámbito dos valores negociables; 92/96/CEE, do Consello, do 10 de novembro de 1992, sobre seguros directos de vida e 2000/12/CE, do Parlamento e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa a entidades de crédito, e con outras entidades xestoras de fondos de pensións autorizadas.

5. As sociedades xestoras percibirán pola súa función unha comisión de xestión dentro do límite fixado nas normas de funcionamento do fondo e que non excederá do máximo que, como garantía dos intereses dos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións, puidese establecerlo Goberno da Nación.

6. Será causa de disolución das entidades xestoras de fondos de pensións, ademais das enumeradas no

artigo 260 da Lei de sociedades anónimas, a revogación da autorización administrativa, salvo que a propia entidade renuncie a esta autorización, vindo tal renuncia unicamente motivada pola modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ó obxecto social exclusivo de administración de fondos de pensións a que se refire a alínea c) do punto 1 precedente.

O acordo de disolución, ademais da publicidade que prevén o artigo 263 da Lei de sociedades anónimas, inscribírase no rexistro administrativo e publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e a entidade extinguida cancelárase no rexistro administrativo, ademais de dar cumprimento ó preceptuado no artigo 278 da Lei de sociedades anónimas.

Non obstante o anterior, a disolución, liquidación e extinción das entidades aseguradoras autorizadas como xestoras de fondos de pensións rexeráse pola normativa específica da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Artigo 21. *Entidades depositarias.*

1. A custodia e depósito dos valores mobiliarios e demais activos financeiros integrados nos fondos de pensións corresponderá a unha entidade depositaria establecida en España. Poderán ser «entidades depositarias de fondos de pensións» as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser entidade de crédito conforme a normativa vixente en materia de entidades de crédito.

b) Ter en España o seu domicilio social ou sucursal.

c) Ter como actividade autorizada a recepción de fondos do público en forma de depósito, contas correntes ou outras análogas que comporten a obriga da súa restitución e como depositarios de valores por conta dos seus titulares representados en forma de títulos ou como administradores de valores representados en anotacións en conta.

d) Estar inscrita no rexistro especial de «entidades depositarias de fondos de pensións» que se creará no Ministerio de Economía.

2. Ademais da función de custodia, exercerán a vixilancia da entidade xestora ante as entidades promotoras, partícipes e beneficiarios, debendo efectuar unicamente aquelas operacións acordadas polas entidades xestoras que se axusten ás disposicións legais e regulamentarias.

3. Regulamentariamente determinaranse as condicións nas que as entidades depositarias de fondos de pensións poderán contrata-lo depósito dos activos a que se refire o punto 4 do artigo 20.

4. En remuneración dos seus servicios, os depositarios percibirán dos fondos as retribucións que libremente pacten coas entidades xestoras, coa conformidade previa da comisión de control do fondo, sen prexuízo das limitacións que poidan establecerse regulamentariamente.

5. Cada fondo de pensións terá unha soa entidade depositaria, sen prexuízo da contratación de diferentes depósitos de valores ou efectivo con outras entidades. A entidade depositaria do fondo de pensións é responsable da custodia dos valores ou efectivo do fondo de pensións sen que esta responsabilidade se vexa afectada polo feito de que se confie a un terceiro a súa xestión, administración ou depósito.

6. Ninguén poderá ser ó mesmo tempo xestor e depositario dun fondo de pensións, agás nos supostos que se prevexan regulamentariamente en desenvolvemento do artigo 23 desta lei.

Artigo 22. Responsabilidade.

As entidades xestoras e as depositarias actuarán en interese dos fondos que administren ou custodien, e serán responsables fronte ás entidades promotoras, partícipes e beneficiarios de tódolos prexuízos que se lles causasen polo incumprimento das súas respectivas obrigas. Ambos están obrigados a esixirse reciprocamente esta responsabilidade en interese daqueles.

Artigo 23. Substitución das entidades xestora ou depositaria.

1. A substitución das entidades xestora ou depositaria procederá:

a) Por instancia da propia entidade, logo da presentación da que deba substituíla. En tal caso será precisa a aprobación pola comisión de control do fondo e pola entidade xestora ou depositaria que continúe nas súas funcións do proxecto de substitución que, cumprindo os requisitos que se sinalen nas normas de funcionamento do fondo, se propoña a aquelas na forma e prazo que regulamentariamente se establezan.

Para proceder á substitución da entidade xestora será requisito previo a realización e publicidade suficiente da auditoría prevista no artigo 19 desta lei e, se é o caso, a constitución pola entidade cesante das garantías necesarias para cubri-las responsabilidades da súa xestión.

b) Por decisión da comisión de control do fondo de pensións, que deberá designar simultaneamente unha entidade disposta a facerse cargo da xestión ou o depósito. Mentres non se produza a correspondente designación, a entidade afectada continuará nas súas funcións.

2. A renuncia unilateral ás súas funcións por parte das entidades xestoras ou depositaria só producirá efecto pasado un prazo de dous anos contados desde a súa notificación fidedigna á comisión de control do fondo de pensións e logo de cumprilos requisitos de auditoría, publicidade e garantía a que se refire a alínea a) do punto precedente. Se vencido o prazo non se designase unha entidade substitutiva, procederá a disolución do fondo de pensións.

3. A disolución, o procedemento concursal das entidades xestora ou depositaria e a súa exclusión do rexistro administrativo producirá o cesamento na xestión ou custodia do fondo da entidade afectada. Se esta fose a entidade xestora, a xestión quedará provisionalmente encomendada á entidade depositaria. Se a entidade que cesa nas súas funcións fose a depositaria, os activos financeiros e efectivo do fondo serán depositados no Banco de España. En ámbolos casos producirase a disolución do fondo se no prazo dun ano non se designa nova entidade xestora ou depositaria.

4. Os cambios que se produzan no control das entidades xestoras e a substitución dos seus conselleiros deberán ser postos en coñecemento das comisións de control na forma que regulamentariamente se estableza.

CAPÍTULO VII**Réxime de control administrativo****Artigo 24. Ordenación e supervisión administrativa.**

1. Correspóndelle ó Ministerio de Economía a ordenación e supervisión administrativa do cumprimento das normas desta lei, podendo solicitar das entidades xes-

toras e depositarias, das comisións de control e dos actuarios toda a información que sexa precisa para comprobalo correcto cumprimento das disposicións legais e regulamentarias.

2. Será de aplicación á inspección de entidades xestoras e de fondos de pensións o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no artigo 72 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Na falta de mención expresa en contrario nas especificacións dos plans de pensións ou nas normas de funcionamento dos fondos de pensións, tódalas actuacións derivadas da inspección se entenderán comunicadas cando tal comunicación se efectúe ante a entidade xestora correspondente.

3. As entidades xestoras de fondos de pensións deberánlle facilitar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións información sobre a súa situación, a dos fondos de pensións que xestionen e a dos plans de pensións integrados naquelas, coa periodicidade e o contido que regulamentariamente se establezan.

4. Os datos, documentos e informacións que figuren en poder do Ministerio de Economía no exercicio das súas funcións de ordenación e supervisión dos fondos de pensións, agás os contenidos nos rexistros administrativos de carácter público, terán carácter reservado.

Tódalas persoas que exerzan ou exercen unha actividade de ordenación e supervisión en materia de fondos de pensións, así como aquelas ás que o Ministerio de Economía encomendase funcións respecto delas, están sometidas ó deber de segredo profesional nos mesmos termos e coas mesmas responsabilidades e excepcións establecidas no artigo 75 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Artigo 25. Contabilidade dos fondos de pensións e das entidades xestoras.

1. A contabilidade dos fondos e plans de pensións e das súas entidades xestoras rexeráse polas súas normas específicas e, no seu defecto, polas establecidas no Código de comercio, no Plan Xeral de Contabilidade e nas demais disposicións da lexislación mercantil en materia contable.

2. No regulamento de desenvolvemento desta lei, recolleranse as normas específicas de contabilidade a que se refire o punto anterior, establecendo as obrigas contables, os principios contables de aplicación obrigatoria, as normas sobre formulación das contas anuais, os criterios de valoración dos elementos integrantes daquelas, así como o réxime de aprobación, verificación, depósito e publicidade das contas, aplicables ós fondos de pensións e ás súas entidades xestoras.

Tal potestade administrativa exercerase por proposta do Ministerio de Economía e logo do informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas e da Xunta Consultiva de Seguros.

3. Facúltase o Ministerio de Economía, logo de idénticos informes, a desenvolver estas normas específicas de contabilidade, particularmente establecendo o Plan de contabilidade dos fondos e plans de pensións e o Plan contable das entidades xestoras.

Artigo 26. Normas de publicidade e contratación.

1. A publicidade relativa ós plans e fondos de pensións e ás súas entidades xestoras axustarase ó disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e disposicións de desenvolvemento, así como

ás normas precisas para a súa adaptación ós plans e fondos de pensións e ás entidades xestoras, recollidas no regulamento desta lei.

2. Regulamentariamente determinarase a forma e o alcance con que o Ministerio de Economía pode facer públicos os datos declarados polos fondos de pensións e as súas entidades xestoras e tamén se establecerá a información que as entidades xestoras e as comisións de control teñen que proporcionar ós partícipes e beneficiarios dos plans de pensións.

3. Na medida en que a estrutura e organización do mercado dos plans de pensións o permita, a contratación de plans de pensións poderá realizarse por vía electrónica.

Habílitase o ministro de Economía para que poida establecer especialidades e limitacións con respecto ás normas que, con carácter xeral, regulan a contratación por vía electrónica, atendendo ás particularidades que puidesen resultar da contratación dos plans de pensións e dos seus partícipes.

CAPÍTULO VIII

Réxime fiscal

Artigo 27. *Contribucións e achegas ós plans de pensións.*

As contribucións ós plans de pensións que cumpran os requisitos establecidos nesta lei terán o seguinte tratamento fiscal:

a) As contribucións dos promotores de plans de pensións serán deducibles no imposto persoal que grava a súa renda, se ben é imprescindible que se impute a cada partícipe do plan de pensións a parte que lle corresponda sobre as citadas contribucións, quen, pola súa vez, a integrará na súa base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) O partícipe dun plan de pensións poderá reduci-la parte xeral da súa base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas de acordo co establecido na súa lei reguladora.

c) Os partícipes en plans e fondos de pensións poderán solicitar, nos prazos e condicións que regulamentariamente se establezan, que as cantidades achegadas ó plan de pensións, con inclusión das contribucións do promotor que lles fosen imputadas, as cales, por exceder de calquera dos límites establecidos na Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, non puidesen ser obxecto de redución na base imponible do dito imposto sobre a renda das persoas físicas, o sexan, dentro dos límites fixados por esa lei, nos cinco exercicios seguintes.

Artigo 28. *Prestacións dos plans de pensións.*

1. As prestacións recibidas polos beneficiarios dun plan de pensións integraranse na súa base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Cando estas prestacións se materialicen nunha percepción única polo capital equivalente, tratarase o importe percibido conforme o establecido na normativa tributaria.

3. En ningún caso as rendas percibidas poderán minorarse nas contías correspondentes ós excesos das contribucións sobre os límites de redución na base imponible, de acordo coa Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. As prestacións satisfeitas terán o tratamento de rendas de traballo para efectos de retencións, con

respecto, se é o caso, ó sinalado no número 2 deste artigo.

5. En todo caso, as cantidades percibidas nas situacións de desemprego de longa duración e enfermidade grave, recollidas no número 8 do artigo 8, suxeitaranse ó réxime fiscal establecido neste artigo para as prestacións dos plans de pensións.

Artigo 29. *Non atribución de rendas.*

As rendas correspondentes ós plans de pensións non serán atribuídas ós partícipes, quedando, en consecuencia, sen tributación no réxime de atribución de renda.

Artigo 30. *Tributación dos fondos de pensións.*

1. Os fondos de pensións constituídos e inscritos segundo o requirido por esta lei, estarán suxeitos ó imposto sobre sociedades a un tipo de gravame cero tendo, en consecuencia, dereito á devolución das retencións que se lles practiquen sobre os rendementos do capital mobiliario.

2. A constitución, a disolución e as modificacións consistentes en aumentos e diminucións dos fondos de pensións regulados por esta lei, gozarán de exención no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

CAPÍTULO IX

Medidas de intervención administrativa

SECCIÓN 1.^a REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 31. *Causas da revogación e os seus efectos.*

1. O Ministerio de Economía revogará a autorización administrativa concedida ás entidades xestoras de fondos de pensións nos seguintes casos:

a) Se a entidade xestora renuncia a ela expresamente.

b) Cando a entidade xestora non iniciase a súa actividade no prazo dun ano desde a inscrición no rexistro administrativo ou cese de exercela durante igual período de tempo ou cando se aprecie a falta efectiva de actividade nos termos que regulamentariamente se determinen.

c) Cando a entidade xestora deixe de cumprir algún dos requisitos establecidos por esta lei para o outorgamento da autorización administrativa ou incorra en causa de disolución.

d) Cando non puidese cumprir, no prazo fixado, as medidas previstas nun plan de saneamento ou de financiamento esixidos á mesma ó abeiro do artigo 34.

e) Cando se lle impuxese á entidade xestora a sanción administrativa de revogación da autorización.

2. O Ministerio de Economía revogará a autorización administrativa concedida ós fondos de pensións nos seguintes casos:

a) Se a comisión de control do fondo renuncia a ela expresamente ou, se non existise esta comisión, cando así o solicite a entidade promotora do dito fondo.

b) Cando concorran no fondo de pensións as circunstancias previstas para as entidades xestoras nas alíneas c) a e) do número 1 precedente.

c) Cando transcorra un ano sen integrar ningún plan de pensións ou cando se aprecie a falta efectiva de acti-

vidade nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. Cando concorra algunha das causas de revogación previstas nas alíneas b), c) ou d) do punto 1 precedente, o Ministerio de Economía, antes de acordar a revogación da autorización administrativa, estará facultado para conceder un prazo, que non excederá de seis meses, para que a entidade xestora ou o fondo de pensións que o solicitasen procedan a emendala.

4. A revogación da autorización administrativa determinará, en tódolos casos, a prohibición inmediata da realización da actividade propia das entidades xestoras e dos fondos de pensións, así como a disolución e liquidación da entidade xestora e do fondo de pensións, agás no suposto de cambio de obxecto social da entidade xestora conforme o establecido no punto 6 do artigo 20 desta lei.

SECCIÓN 2.^a DISOLUCIÓN ADMINISTRATIVA E INTERVENCIÓN NA LIQUIDACIÓN

Artigo 32. *Disolución e terminación administrativas.*

1. A disolución das entidades xestoras e dos fondos de pensións ou a terminación dos plans de pensións requirirá acordo da xunta xeral e das comisións de control, respectivamente. Para estes efectos, estes órganos deberán celebra-la correspondente reunión no prazo de dous meses desde a concorrencia da causa de disolución ou terminación, podendo calquera socio no caso das entidades xestoras, ou partícipe no caso do fondo ou do plan de pensións, solicita-la citada reunión se ó seu xuízo existe causa lexítima para iso.

No caso de que, existindo causa legal de disolución da entidade xestora ou do fondo de pensións ou de terminación do plan de pensións, non se adoptase o acordo ou fose contrario á disolución, os administradores da entidade xestora e as comisións de control do fondo ou do plan de pensións estarán obrigados a solicita-la disolución administrativa no prazo de dez días naturais contado desde a data en que se deba ter convocado o órgano competente para adoptalo acordo, ou desde a data prevista para a súa reunión, ou finalmente desde o día da súa celebración, cando o acordo de disolución non se puidese lograr ou se adoptase acordo en contrario.

2. Coñecida polo Ministerio de Economía a concorrencia dunha causa de disolución dunha entidade xestora ou dun fondo de pensións ou unha causa de terminación dun plan de pensións así como o incumprimento polos órganos correspondentes do disposto no número precedente, procederá á disolución administrativa da entidade xestora ou do fondo de pensións ou á terminación administrativa do plan de pensións.

3. O procedemento administrativo de disolución ou terminación iniciarase de oficio ou por solicitude dos administradores ou da comisión de control e, tralas alegacións da entidade xestora ou da comisión de control, o Ministerio de Economía procederá á disolución ou terminación administrativas. O acordo de disolución ou terminación administrativa conterà a revogación da autorización administrativa da entidade xestora ou do fondo de pensións afectado.

Artigo 33. *Intervención na liquidación.*

Na liquidación, e ata a cancelación da inscrición no rexistro administrativo, o Ministerio de Economía con-

servará tódalas súas competencias de ordenación e supervisión sobre a entidade xestora, fondo de pensións e plan de pensións e, ademais, poderá adopta-las seguintes medidas:

1. Acorda-la intervención da liquidación para salvagarda-los intereses dos partícipes, beneficiarios ou de terceiros. Decidida a intervención, estarán suxeitas ó control da Intervención do Estado as actuacións dos liquidadores nos termos definidos no artigo 34.

2. Designar liquidadores, acordando se é o caso o cesamento dos designados, nos seguintes supostos:

a) Cando non se procedese ó nomeamento de liquidadores no prazo dos quince días seguintes á disolución, ou cando o nomeamento dentro dese prazo o fose sen cumprir-los requisitos legais e estatutarios.

b) Cando os liquidadores incumpran as normas que para a protección dos partícipes e beneficiarios se establecen nesta lei, as que rexen a liquidación, a dificulten, ou esta se atrase.

SECCIÓN 3.^a MEDIDAS DE CONTROL ESPECIAL

Artigo 34. *Medidas de control especial.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adopta-las medidas de control especial contidas neste artigo cando as entidades xestoras ou os plans ou fondos de pensións estean nalgunha das seguintes situacións:

1.º Respecto das entidades xestoras cando concorran:

a) Perdas acumuladas en contía superior ó 25 por 100 do seu capital social.

b) Dificultades de liquidez que determinasen demora ou incumprimento nos seus pagamentos.

c) Situacións de feito, deducidas de comprobacións efectuadas pola Administración, que poñan en perigo a súa solvencia, os intereses das entidades promotoras, partícipes ou beneficiarios ou o cumprimento das obrigas contraídas, así como a falta de adecuación da súa contabilidade ó plan de contabilidade que lles sexa esixible ou irregularidade da contabilidade ou administración en termos tales que impidan ou dificulten notablemente coñece-la verdadeira situación patrimonial da entidade xestora.

2.º Respecto dos plans e fondos de pensións cando concorran:

a) Déficit superior ó 5 por 100 no cálculo das provisións matemáticas ou fondos de capitalización dos plans, que asuman a cobertura dun risco, integrados no fondo de pensións; ou ó 20 por 100 no cálculo doutras provisións técnicas.

b) Déficit superior ó 10 por 100 na cobertura de provisións técnicas dos plans integrados no fondo.

c) Insuficiencia da marxe de solvencia dos plans de pensións.

d) Dificultades de liquidez que determinasen demora ou incumprimento nos seus pagamentos.

e) Situacións de feito, deducidas de comprobacións efectuadas pola Administración, que poñan en perigo a súa solvencia, os intereses das entidades promotoras, partícipes ou beneficiarios dos plans de pensións ou o cumprimento das obrigas contraídas, así como a falta de adecuación da súa contabilidade ó plan de contabilidade que lles sexa esixible ou irregularidade da contabilidade ou administración en termos tales que impidan

ou dificulten notablemente coñece-la súa verdadeira situación patrimonial.

f) Insuficiencia dos activos mínimos esixidos ós fondos de pensións abertos para poder operar como tales.

g) Incumprimento dun plan de reequilibrio actuarial ou financeiro aprobado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou presentado ante esta, ó abeiro dos réximes transitorios aplicables en cada momento.

2. Con independencia da sanción administrativa que se é o caso proceda impor, as medidas de control especial, de acordo coas características da situación, poderán consistir en:

1.º Respecto das entidades xestoras en calquera das medidas que para as entidades aseguradoras regulan os puntos 2 e 3 do artigo 39 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, na medida en que lles sexan aplicables, coa peculiaridade de que a referencia que no dito precepto se fai á suspensión da contratación de novos seguros pola entidade aseguradora ou a aceptación de reaseguro e a prohibición de prórroga dos contratos de seguro xa celebrados debe entenderse como a suspensión da xestión e administración de novos fondos de pensións pola entidade xestora.

Ademais, poderá adoptarse a medida de suspender a entidade xestora nas súas funcións de administración do fondo ou fondos de pensións, caso no cal a comisión de control do fondo deberá designar unha entidade que substitúa á anterior, logo de autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, quen poderá proceder á súa designación se aquela non o fixer.

2.º Respecto dos plans e fondos de pensións poderán adoptarse así mesmo as medidas reguladas nos números 2 e 3 do artigo 39 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, na medida en que lles sexan aplicables, coas seguintes peculiaridades: que o plan de financiamento e o plan de saneamento deben ser aprobados pola comisión de control do plan de pensións ou fondo de pensións; que a suspensión da contratación de novos seguros ou de aceptación de reaseguro e a prohibición de prórroga dos contratos de seguro xa celebrados queda substituída pola medida de suspensión da integración de novos plans de pensións ou de novos partícipes nos plans de pensións, con igual limitación temporal ca aquela; e que as referencias que no dito precepto se fan á entidade aseguradora ou ós seus órganos de administración deben entenderse feitas, respectivamente, ó plan ou fondo de pensións ou, segundo os casos, ás entidades xestoras ou depositarias ou ás comisións de control do fondo ou dos plans de pensións.

3. En todo o demais, será de aplicación en materia de medidas de control especial a adoptar sobre entidades xestoras e plans e fondos de pensións o disposto no artigo 39 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, pero entendéndose feitas á comisión de control as referencias ós órganos de administración da entidade aseguradora, cando as medidas que haxa que adoptar o sexan sobre plans e fondos de pensións.

SECCIÓN 4.^a RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 35. *Infraccións administrativas.*

1. As entidades xestoras e depositarias, os promotores de plans de pensións do sistema individual, os expertos actuarios e as súas sociedades, así como os que desempeñen cargos de administración ou dirección nas entidades citadas, os membros da comisión pro-

motora e os membros das comisións e subcomisións de control dos plans e fondos de pensións e os liquidadores que infrinxan normas de ordenación e supervisión de plans e fondos de pensións, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable de acordo co disposto no artigo seguinte.

Este mesmo réxime será aplicable ás entidades promotoras dos plans de pensións do sistema asociado e cargos de administración e dirección destas pola comisión de infraccións con ocasión do exercicio das funcións propias da comisión promotora.

Consideraranse:

a) Cargos de administración, os administradores ou membros dos órganos colexiados de administración, e cargos de dirección, os seus directores xerais ou asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados deste.

b) Normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións, as comprendidas nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento e, en xeral, as que figuren en leis de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos ós fondos de pensións, ás entidades xestoras de fondos de pensións ou ás entidades depositarias e de obrigada observancia por elas.

2. As infraccións de normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Terán a consideración de infraccións moi graves:

a) O exercicio polas entidades xestoras de actividades alleas ó seu obxecto exclusivo legalmente determinado, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

b) A substitución das entidades xestoras ou depositarias sen axustarse ó disposto no artigo 23 ou sen dar cumprimento ó preceptuado no punto 5 do artigo 11 desta lei.

c) O defecto na marxe de solvencia en contía superior ó 5 por 100 do importe necesario para garanti-lo cumprimento das obrigas potenciais.

Nos casos en que a situación descrita neste parágrafo se derive dunha revisión actuarial, só se considerará como infracción o incumprimento do plan de financiamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

d) O defecto no cálculo ou a insuficiencia dos investimentos para a cobertura dos fondos de capitalización, provisións matemáticas e outras provisións técnicas esixibles de acordo co parágrafo segundo do punto 1 do artigo 8 en contía superior ó 10 por 100.

Nos casos en que a insuficiencia dos investimentos se derive dunha perda imprevisible de aptitude dos investimentos sobrevida despois da súa realización ou ben se derive dunha revisión actuarial, só se entenderá como infracción o incumprimento do plan de financiamento ou saneamento que se estableza ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

e) Carecer da contabilidade esixida legalmente ou levala con anomalías substanciais que impidan ou dificulten notablemente coñece-la situación económica, patrimonial e financeira da entidade xestora ou do fondo de pensións, así como o incumprimento da obriga de somete-las súas contas anuais a auditoría de contas conforme a lexislación vixente.

f) Carecer das bases técnicas esixidas polo sistema financeiro e actuarial dos plans de pensións, así como a falta da revisión do dito sistema financeiro e actuarial que esixe o número 5 do artigo 9.

g) O investimento en bens distintos ós autorizados ou en proporción superior ó establecido no artigo 16, cando o exceso supere o 50 por 100 dos límites legais e non teña carácter transitorio, así como a realización de operacións con incumprimento das condicións xerais impostas no artigo 17.

h) Confía-la custodia ou o depósito dos valores mobiliarios e demais activos financeiros a entidades distintas das previstas no artigo 21.

i) O incumprimento das especificacións e bases técnicas dos plans de pensións ou das normas de funcionamento dos fondos de pensións, agás que teñan un carácter meramente ocasional ou illado, así como a realización de prácticas abusivas que prexudiquen o dereito dos promotores, partícipes ou beneficiarios.

j) O incumprimento das medidas de control especial adoptadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións conforme o artigo 34 desta lei.

k) O reiterado incumprimento dos acordos ou resolucións emanados da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

l) A falta de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de cantos datos ou documentos deba subministrarlle a entidade xestora, a comisión de control dos plans ou fondos de pensións, a entidade depositaria ou os actuarios, xa mediante a súa presentación periódica, xa mediante a atención de requirimentos individualizados que lles dirixa a citada dirección xeral no exercicio das súas funcións, ou a falta de veracidade nestes, cando con iso se dificulte a apreciación da súa solvencia. Para os efectos deste parágrafo entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo concedido para o efecto pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ó recordar por escrito a obriga de presentación periódica ou reiteralo requirimento individualizado.

m) A excusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora, sempre que medie requirimento expreso e por escrito ó respecto.

n) A aceptación de achegas a un plan de pensións, a nome dun mesmo partícipe, por riba do límite financeiro previsto no número 3 do artigo 5, agás que estas achegas correspondan á transferencia dos dereitos consolidados por alteración da adscrición a un plan de pensións ou ás previsións dun plan de reequilibrio formulado conforme o réxime transitorio aplicable en cada momento.

ñ) O incumprimento do deber de veracidade informativa debida ás comisións de control, partícipes, beneficiarios e ó público en xeral, sempre que, polo número de afectados ou pola importancia da información, tal incumprimento poida estimarse como especialmente relevante.

o) A falsidade nos dictames e documentos contables, de auditoría, actuariais ou de información previstos nesta lei.

p) O incumprimento polos actuarios ou as súas sociedades da obriga de realiza-la revisión actuarial dun plan de pensións ou os cálculos ou informes actuariais, contratados en firme, así como a elaboración de bases técnicas ou a realización de cálculos e informes incumprindo as normas actuariais aplicables ós plans de pensións.

4. Terán a consideración de infraccións graves:

a) O exercicio meramente ocasional ou illado polas entidades xestoras de actividades alleas ó seu obxecto exclusivo legalmente determinado.

b) A ausencia de comunicación, cando esta sexa preceptiva, da formalización, modificación e traslado a outro fondo de pensións dos plans de pensións, da composición e cambios nos órganos de administración das entidades xestoras e nas comisións de control e da designación de actuarios para a revisión das bases e cálculos actuariais.

c) O defecto na marxe de solvencia en contía inferior ó 5 por 100 do importe esixible de acordo co parágrafo terceiro do número 1 do artigo 8.

Nos casos en que a situación descrita neste parágrafo se derive dunha revisión actuarial, só se considerará como infracción o incumprimento do plan de financiamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

d) O defecto no cálculo ou a insuficiencia dos investimentos para a cobertura dos fondos de capitalización, provisiones matemáticas e outras provisiones técnicas esixibles de acordo co parágrafo segundo do número 1 do artigo 8 en contía superior ó 5 por 100, pero inferior ó 10 por 100.

Nos casos en que a insuficiencia dos investimentos se derive dunha perda imprevisible de aptitude dos investimentos sobrevida despois da súa realización ou ben se derive dunha revisión actuarial, só se entenderá como infracción o incumprimento do plan de financiamento ou saneamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

e) O incumprimento das normas vixentes sobre contabilización de operacións, formulación de balances e conta de perdas e ganancias, sempre que non constitúa infracción moi grave de acordo coa alínea e) do número 3 precedente, así como as relativas á elaboración dos estados financeiros de obrigada comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

f) A materialización en títulos valores das participacións no fondo de pensións, contravindo a prohibición establecida no artigo 10.

g) O investimento en bens autorizados en proporción superior ó establecido no artigo 16, sempre que o exceso supere o 20 pero non exceda o 50 por 100 dos límites legais e non teña carácter transitorio.

h) A contratación da administración de activos contravindo as normas que se dicten conforme ó número 4 do artigo 20.

i) O incumprimento meramente ocasional ou illado das especificacións e bases técnicas dos plans de pensións ou das normas de funcionamento dos fondos de pensións, así como a aplicación incorrecta das especificacións e bases técnicas dos plans de pensións en prexuízo dos partícipes ou beneficiarios.

j) A emisión de obrigacións ou o recurso ó crédito polas entidades xestoras.

k) O incumprimento meramente ocasional ou illado dos acordos ou resolucións emanados da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

l) A falta de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de cantos datos ou documentos deban subministrarlle a entidade xestora, a comisión de control do fondo ou do plan de pensións, a entidade depositaria ou os actuarios, xa mediante a súa presentación periódica, xa mediante a atención de requirimentos individualizados que lles dirixa a citada dirección xeral no exercicio das súas funcións, así como a falta de veracidade neles, salvo que isto supoña a comisión dunha infracción moi grave. Para os efectos deste parágrafo entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo fixado nas normas reguladoras da presentación periódica ou do prazo concedido para o efecto ó formula-lo requirimento individualizado.

m) A excusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora cando non constituía infracción moi grave.

n) O pagamento ás entidades xestoras dunha comisión de xestión superior ós límites fixados nas normas de funcionamento do fondo de pensións dentro dos máximos establecidos regulamentariamente, así como os pagamentos polas entidades xestoras ós depositarios de remuneración polos seus servicios superiores ás libremente pactadas dentro dos límites regulamentarios.

ñ) O incumprimento do deber de veracidade informativa debida ós partícipes, beneficiarios ou ó público en xeral, cando non concorran as circunstancias a que se refire a alínea ñ) do número 3 deste artigo, así como a realización de calquera acto ou operación con incumprimento das normas reguladoras da publicidade e deber de información das entidades xestoras e dos fondos de pensións.

o) O incumprimento polas entidades depositarias das obrigas establecidas no artigo 21.

p) A realización de actos ou operacións con incumprimento das normas que se dicten sobre a forma e condicións da contratación de plans de pensións cos partícipes.

q) As infraccións leves, cando durante os dous anos anteriores á súa comisión fosen impostas sancións firmes por infraccións leves reiteradas.

5. Terán a consideración de infraccións leves:

a) O defecto no cálculo ou a insuficiencia de investimentos para a cobertura dos fondos de capitalización, provisiones matemáticas e outras provisiones técnicas esixibles de acordo co parágrafo segundo do número 1 do artigo 8 en contía inferior ó 5 por 100.

Nos casos en que a insuficiencia dos investimentos se derive dunha perda imprevisible de aptitude dos investimentos sobrevida despois da súa realización ou ben se derive dunha revisión actuarial, só se entenderá como infracción o incumprimento do plan de financiamento ou saneamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

b) O exceso de investimento sobre os coeficientes establecidos no artigo 16, sempre que non teñan carácter transitorio e non exceda do 20 por 100 dos límites legais.

c) En xeral, o incumprimento de preceptos de obrigada observancia comprendidos nas normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións que non constituían infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos dous puntos anteriores.

d) O incumprimento dos prazos e condicións previstos na normativa relativos ás formas de cobro e recoñecemento do dereito ás prestacións.

Artigo 36. Sancións administrativas.

1. Ás entidades xestoras e depositarias de fondos de pensións e, se é o caso, ás entidades promotoras de plans de pensións individuais seranlles aplicables as sancións administrativas previstas para as entidades aseguradoras no artigo 41 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, e se ben as de suspensión da autorización administrativa efectiva se referirá ó exercicio de actividade como xestora ou depositaria de calquera fondo de pensións ou, se é o caso, á habilitación para ser promotor de plans de pensións do sistema individual.

2. Os expertos actuarios e as súas sociedades, polas súas actuacións en relación cos plans e fondos de pensións, serán sancionados pola comisión de infraccións

moi graves cunha das seguintes sancións: prohibición de emitilos seus dictames na materia por un período non superior a dez anos nin inferior a cinco ou multa por importe desde 150.253,02 euros ata 300.506,05 euros. Pola comisión de infraccións graves imporáselles ós actuarios unha das seguintes sancións: prohibición de emitir dictames na materia nun período de ata cinco anos ou multa por importe desde 30.050,61 euros ata 150.253,02 euros. Pola comisión de infraccións leves imporáselle ó actuario a sanción de multa, que poderá alcanzar ata o importe de 30.050,61 euros. Se o actuario actúa en nome dunha sociedade, as mesmas sancións serán aplicables, ademais, á dita sociedade.

3. Será de aplicación ós cargos de administración e dirección das entidades xestoras e depositarias e das sociedades de actuarios, así como ós membros das comisións e subcomisións de control dos plans e dos fondos de pensións e ós liquidadores o réxime de responsabilidade que para os cargos de administración ou de dirección de entidades aseguradoras regula o artigo 42 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, se ben a inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección a que se refire a alínea a) do seu número 3 o será, segundo os casos, en calquera entidade xestora ou depositaria, en calquera sociedade de actuarios ou, finalmente, en calquera comisión ou subcomisión de control dos plans e dos fondos de pensións.

Igualmente será de aplicación o réxime do artigo 42 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados ós cargos de administración e dirección das entidades promotoras de plans de pensións individuais así como ós das entidades promotoras de plans asociados que asuman as funcións de comisión promotora. Nestes supostos a inhabilitación virá referida, segundo os casos, a exercer cargos de administración e dirección en entidades promotoras de plans de pensións individuais para o exercicio de funcións e facultades relativas ós ditos plans.

4. A inobservancia polo partícipe do límite de achega previsto no número 3 do artigo 5, salvo que o exceso de tal límite sexa retirado antes do día 30 de xuño do ano seguinte, será sancionada cunha multa equivalente ó 50 por 100 do dito exceso, sen prexuízo da inmediata retirada do citado exceso do plan ou plans de pensións correspondentes. Esta sanción será imposta en todo caso a quen realice a achega, sexa ou non partícipe, se ben o partícipe quedará exonerado cando se realizase sen o seu coñecemento.

Así mesmo, a inobservancia polo beneficiario do prazo máximo previsto na normativa para a comunicación á entidade xestora do acaecemento da continxencia correspondente e para a determinación do momento e formas de cobro das prestacións do plan de pensións poderá ser sancionable cunha multa que poderá alcanzar ata o 1 por 100 do valor dos dereitos económicos no plan no momento en que se poña de manifesto tal inobservancia.

5. Para efectos do exercicio da potestade sancionadora a que se refiren este artigo e o anterior serán de aplicación as normas contidas nos artigos 43 a 47 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

6. As persoas ou entidades que desenvolvan a actividade propia dos fondos de pensións ou das entidades xestoras de fondos de pensións sen contar coa preceptiva autorización administrativa ou que utilicen as denominacións «plan de pensións», «fondo de pensións», «entidade xestora de fondos de pensións» ou «entidade depositaria de fondos de pensións», sen selo, serán sancionadas de acordo co disposto no artigo 48 da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Disposición adicional primeira. *Protección dos compromisos por pensións cos traballadores.*

Os compromisos por pensións asumidos polas empresas, incluíndo as prestacións causadas, deberán instrumentarse, desde o momento en que se inicie o devengo do seu custo, mediante contratos de seguro, a través da formalización dun plan de pensións ou de ambos. Unha vez instrumentados, a obriga e responsabilidade das empresas polos referidos compromisos por pensións circunscribíranse exclusivamente ás asumidas nos ditos contratos de seguro e plans de pensións.

Para estes efectos, entenderanse por compromisos de pensións os derivados de obrigas legais ou contractuais do empresario co persoal da empresa e vinculados ás continxencias establecidas no punto 6 do artigo 8. Tales pensións poderán revestir-las formas establecidas no número 5 do artigo 8 e comprenderán toda prestación que se destine á cobertura de tales compromisos, calquera que sexa a súa denominación.

Teñen a consideración de empresas non só as persoas físicas e xurídicas senón tamén as comunidades de bens e demais entidades que, aínda carentes de personalidade xurídica, sexan susceptibles de asumir cos seus traballadores os compromisos descritos.

Para que os contratos de seguro poidan servir á finalidade referida no parágrafo primeiro terán que satisfacer os seguintes requisitos:

a) Revestir-la forma de seguros colectivos sobre a vida, nos que a condición de asegurado corresponderá ó traballador e a de beneficiario ás persoas a favor das cales se xeren as pensións segundo os compromisos asumidos.

b) Nestes contratos non será de aplicación o disposto nos artigos 97 e 99 da Lei de contrato de seguro.

c) Os dereitos de rescate e de redución do tomador só poderán exercerse co obxecto de manter na póliza a adecuada cobertura dos seus compromisos por pensións vixentes en cada momento ou para os exclusivos efectos da integración dos compromisos cubertos na dita póliza noutro contrato de seguro ou nun plan de pensións. Neste último caso, a nova aseguradora ou o plan de pensións asumirán a cobertura total dos referidos compromisos por pensións.

d) Deberán individualizarse os investimentos correspondentes a cada póliza nos termos que se establezan regulamentariamente.

e) A contía do dereito de rescate non poderá ser inferior ó valor de realización dos activos que representen o investimento das provisións técnicas correspondentes. Se existise déficit na cobertura das ditas provisións, tal déficit non será repercutible no dereito de rescate, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen. O importe do rescate deberá ser aboado directamente á nova aseguradora ou ó fondo de pensións no que se integre o novo plan de pensións.

Será admisible que o pagamento do valor do rescate se realice mediante o traspaso dos activos, neto dos gastos precisos para efectuar-las correspondentes cambios de titularidade.

Nos contratos de seguro nos que as primas fosen imputadas ós suxeitos ós que se vinculen os compromisos por pensións deberán preverse, de acordo coas condicións pactadas no compromiso, os dereitos económicos dos suxeitos nos casos en que se produza o cesamento da relación laboral previa ó acaecemento das continxencias previstas nesta normativa ou se modifique o compromiso por pensións vinculado ós ditos suxeitos.

Reglamentariamente fixaranse as condicións que teñen que cumprir-las contratos de seguro ós que se refire esta disposición, incluídos os instrumentados entre as mutualidades de previsión social e os seus mutualistas na súa condición de tomadores do seguro ou asegurados. En todo caso, as condicións que se establezan regulamentariamente deberán ser homoxéneas, actuarial e financeiramente, coas normas aplicables ós compromisos por pensións formalizados mediante plans de pensións.

A efectividade dos compromisos por pensións e do cobro das prestacións causadas quedarán condicionados á súa formalización nos instrumentos referidos no parágrafo primeiro. En todo caso, o incumprimento pola empresa da obriga de instrumentar-las compromisos por pensións asumidos constituirá infracción en materia laboral de carácter moi grave, nos termos previstos no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

En ningún caso resultará admisible a cobertura de tales compromisos mediante a dotación polo empresario de fondos internos, ou instrumentos similares, que supoñan o mantemento por parte deste da titularidade dos recursos constituídos.

Disposición adicional segunda. *Prazo de resolución das solicitudes de autorización administrativa.*

As peticións de autorizacións administrativas reguladas nesta lei deberán ser resoltas dentro dos seis meses seguintes á data de presentación da solicitude de autorización.

En ningún caso se entenderán autorizados un fondo de pensións ou unha entidade xestora de fondos de pensións en virtude de actos presuntos polo transcurso do prazo referido.

Disposición adicional terceira. *Responsabilidade civil e obrigas dos actuarios.*

1. Os actuarios que emitan informes ou dictames sobre calquera dos instrumentos que formalicen compromisos por pensións, responderán, directa, ilimitada e, caso de ser varios, solidariamente, fronte ó promotor, comisión, entidade xestora, plan e fondo de pensións, partícipes e beneficiarios, por tódolos prexuízos que lles causasen polo incumprimento ou cumprimento defectuoso das súas obrigas.

Cando o dictame actuarial o emita un actuario dunha sociedade de actuarios, a responsabilidade directa, ilimitada e solidaria comprenderá tamén á sociedade, agás que o actuario asinante do dictame fixese constar expresamente nel que actuou no seu propio nome e baixo a súa exclusiva responsabilidade. A responsabilidade dos socios actuarios non asinantes do dictame actuarial será subsidiaria respecto da anterior, pero solidaria entre si.

2. Os actuarios e as sociedades destes conservarán e custodiarán a documentación referente a cada dictame ou revisión actuarial por eles realizados, incluídos os papeis de traballo que constitúan as probas e o fundamento das conclusións que consten no informe, debidamente ordenados, durante cinco anos a partir da data de emisión do dictame actuarial, agás que teñan coñecemento da existencia de litixio no que esta documentación poida constituír elemento de proba, caso no que o prazo se estenderá ata que se dicte sentenza firme ou doutro modo termine o proceso.

A perda ou deterioración da documentación a que se refire o parágrafo precedente deberá ser comunicada

polo actuario á comisión de control do plan de pensións correspondente nun prazo de quince días naturais desde que tivo coñecemento dela.

Disposición adicional cuarta. *Plans de pensións e mutualidades de previsión social constituídos a favor de persoas con minusvalidez.*

Poderán realizarse achegas a plans de pensións a favor de persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100. A estes resultarlles aplicable o réxime financeiro dos plans de pensións coas seguintes especificidades:

1. Poderán efectuar achegas ó plan de pensións tanto o propio minusválido participe como as persoas que teñan con el unha relación de parentesco en liña directa ou colateral ata o terceiro grao inclusive, así como o cónxuxe ou aqueles que os tivesen ó seu cargo en réxime de tutela ou acollemento. Nestes últimos supostos, as persoas con minusvalidez deberán ser designadas beneficiarias de maneira única e irrevogable para calquera continxencia. Non obstante, a continxencia de morte do minusválido poderá xerar dereito a prestacións de viuvez, orfandade ou a favor dos que realizasen achegas ó plan de pensións do minusválido en proporción á achega destes.

2. Como límite máximo das achegas, para efectos do previsto no número 3 do artigo 5 desta lei, aplicaranse as seguintes contías:

a) As achegas anuais máximas realizadas polas persoas minusválidas participantes non poderán exceder a cantidade de 22.838,46 euros.

b) As achegas anuais máximas realizadas por cada participe a favor de persoas con minusvalidez ligadas por relación de parentesco non poderán exceder a cantidade de 7.212,15 euros. Isto sen prexuízo das achegas que poida realizar ó seu propio plan de pensións, de acordo co límite previsto no número 3 do artigo 5 desta lei.

c) As achegas anuais máximas a plans de pensións realizadas a favor dunha persoa con minusvalidez, incluíndo as súas propias achegas, non poderán exceder a cantidade de 22.838,46 euros.

A inobservancia destes límites de achega será obxecto da sanción prevista no número 4 do artigo 36 desta lei. Para estes efectos, cando concorran varias achegas a favor do minusválido, entenderase que o límite de 22.838,46 euros se cobre coas achegas do propio minusválido e, cando estas non superen este límite, coas restantes achegas, en proporción á súa contía.

A aceptación de achegas a un plan de pensións a nome dun mesmo beneficiario minusválido, por riba do límite de 22.838,46 euros anuais, terá a consideración de infracción moi grave, nos termos previstos na alínea n) do número 3 do artigo 35 desta lei.

3. As prestacións do plan de pensións deberán ser en forma de renda, salvo que, por circunstancias excepcionais, e nos termos e condicións que regulamentariamente se establezan, poidan percibirse en forma de capital.

4. Regulamentariamente poderán establecerse especificacións en relación coas continxencias polas que poden satisfacerse as prestacións, ás que se refire o número 6 do artigo 8 desta lei.

5. Regulamentariamente determinaranse os supostos nos que poderán facerse efectivos os dereitos consolidados no plan de pensións por parte das persoas con minusvalidez, de acordo co previsto no punto 8 do artigo 8 desta lei.

6. O réxime regulado nesta disposición adicional será de aplicación ás achegas a mutualidades de previsión social e prestacións destas a favor de minusválidos que cumpran os requisitos previstos nos anteriores puntos. En tal caso, os límites establecidos por esta disposición serán conxuntos para as achegas de plans de pensións e a mutualidades de previsión social.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio de integración voluntaria en plans de pensións de institucións de previsión existentes á entrada en vigor da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións.*

O réxime de integración voluntaria en plans de pensións de fondos e institucións de previsión, contido na disposición transitoria primeira da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, e nas normas de desenvolvemento e complementarias desta, manterá a súa vixencia respecto das empresas, traballadores e beneficiarios, e plans de reequilibrio, que se acolleron á dita disposición para a integración dos dereitos recoñecidos en plans de pensións ó amparo dela.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación dos plans e fondos de pensións preexistentes ás modificacións introducidas na Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, polo artigo 32 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Os plans e fondos de pensións existentes a 1 de xaneiro de 2002 deberán adaptarse ás modificacións introducidas na Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, en virtude do artigo 32 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e incorporadas a esta lei. Esta adaptación axustarase ó previsto nos parágrafos seguintes.

A designación de defensor do participe dos plans de pensións do sistema individual a que se refire o número 5 do artigo 7 desta lei, deberá efectuarse e comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de doce meses contados desde o día 1 de xaneiro de 2002. A comisión de control do plan individual entenderase disolta unha vez que se comunicase a dita designación e fose notificada a mesma á comisión de control correspondente.

A información trimestral ós participantes e beneficiarios dos plans de pensións a que se refire o número 8 do artigo 19 desta lei, será obligatoria a partir do 1 de xaneiro do exercicio 2003 respecto do último trimestre anterior.

Sen prexuízo do anterior e da aplicación efectiva, desde o 1 de xaneiro de 2002, das demais disposicións establecidas no artigo 32 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e incorporadas a esta lei, concédese un prazo de doce meses desde o día 1 de xaneiro de 2002 para a adaptación formal das especificacións dos plans de pensións e normas de funcionamento dos fondos de pensións ó previsto nas referidas disposicións.

Nos plans de pensións de emprego preexistentes a composición e condicións de representación na comisión de control do plan adaptaranse ó previsto no número 3 do artigo 7 desta lei mediante acordo colectivo nun prazo máximo de tres anos contados desde o 1 de xaneiro de 2002, transcorrido o cal, de non se ter adoptado o dito acordo, se aplicará directamente.

Os fondos de pensións que, a data 1 de xaneiro de 2002, integren simultaneamente plans de pensións do sistema de emprego e plans do sistema asociado ou individual, poderán manter tal situación, se ben neste caso non poderán integrar novos plans de pensións individuais ou asociados. A comisión de control destes fondos formarase exclusivamente con representación dos plans de emprego debéndose proceder ás adaptacións necesarias nun prazo de doce meses desde o 1 de xaneiro de 2002.

Os partícipes de plans de pensións que, a 1 de xaneiro de 2002, contén cunha idade superior ós sesenta e cinco anos, non exerzan ou cesasen na relación laboral ou profesional e non se encontren cotizando para a continxencia de xubilación en ningún réxime de Seguridade Social deberán, no prazo de seis meses contados desde o 1 de xaneiro de 2002, comunica-la forma de cobro da prestación correspondente de acordo coa normativa vixente. Este réxime non será de aplicación ós partícipes que realizen achegas exclusivamente para falecemento.

Disposición transitoria terceira. Aplicación do réxime sancionador.

O réxime sancionador en materia de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións regulado nesta lei será de aplicación ás infraccións tipificadas nela cometidas a partir de 10 de novembro de 1995.

Non obstante, en canto á sanción prevista no derradeiro parágrafo do número 4 do artigo 36 da presente lei, para o caso de inobservancia polo beneficiario do prazo máximo previsto na normativa para a comunicación á entidade xestora do acaecemento da continxencia e para a determinación do momento e formas de cobro das prestacións do plan, a devandita sanción será aplicable a partir do 1 de xullo de 2002. No caso de continxencias acaecidas antes do 1 de xullo de 2002, para efectos de aprecia-la comisión da referida infracción incluírase no cómputo os períodos de inobservancia anteriores á citada data que tivesen lugar a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición transitoria cuarta. Réxime dos compromisos por pensións xa asumidos.

1. Os empresarios que no momento da entrada en vigor das disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, manteñan compromisos por pensións cos seus traballadores ou empregados a materialización dos cales non se axuste á disposición adicional primeira desta lei, deberán adaptar tal materialización á citada disposición adicional. Para tal efecto, concédese un prazo ata o 16 de novembro de 2002 para proceder á citada adaptación.

Ata que teña lugar o cumprimento da obriga que impón o parágrafo anterior manterase a efectividade dos compromisos por pensións e o cobro das prestacións causadas nos termos estipulados entre o empresario e os traballadores.

2. Excepcionalmente, poderanse mante-los compromisos por pensións asumidos mediante fondos internos polas entidades de crédito, as entidades aseguradoras e as sociedades e axencias de valores. Para que os ditos fondos internos poidan servir a tal finalidade deberán estar dotados con criterios, cando menos, tan rigorosos coma os aplicables ós asumidos mediante plans de pensións e deberán ser autorizados polo Ministerio de Eco-

nomía, co informe previo do órgano ou ente ó que corresponda o control dos recursos afectos, o cal supervisará o funcionamento dos fondos internos e poderá propor ó Ministerio de Economía a adopción, se é o caso, das medidas correctoras pertinentes, e incluso a revogación da autorización administrativa concedida, todo isto nos termos que regulamentariamente se establezan.

Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio de acomodación dos compromisos por pensións mediante plans de pensións.

1. Os fondos incluídos na disposición transitoria cuarta anterior ós que se esixe unha transformación obrigatoria, poderán ser integrados nun plan de pensións, coas condicións e beneficios previstos nos puntos seguintes.

Así mesmo, calquera outra institución de previsión do persoal poderá transformarse, disolverse ou liquidarse e dar lugar á integración nun plan de pensións de persoas e recursos inicialmente vinculados á devandita institución.

A formalización dos referidos plans de pensións deberá efectuarse dentro do prazo que finaliza o día 16 de novembro de 2002.

2. Nos casos non amparados no número precedente, os novos compromisos asumidos polas empresas a partir da entrada en vigor das disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados que se instrumenten mediante a formalización dun plan de pensións dentro do prazo que finaliza o 16 de novembro de 2002, permitirán a promotor e partícipes acceder ós beneficios previstos nos números seguintes, coas condicións específicas que se establecen.

3. Regulamentariamente determinaranse as condicións que deberán cumprilos plans de pensións resultantes das transformacións amparadas no presente réxime transitorio para adaptarse a esta lei, así como os termos, límites e procedementos que deben respecta-los plans de reequilibrio no caso de asunción de compromisos por pensións mediante plans de pensións, e os plans de financiamento no caso de asunción de compromisos por pensións mediante contratos de seguros, que incluírán, se é o caso, o compromiso explícito da transferencia dos elementos patrimoniais.

Para a execución e cumprimento dos plans de reequilibrio e dos plans de financiamento non será precisa a aprobación administrativa, se ben deberán presentarse ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións na forma e prazos que se establezan regulamentariamente.

Non obstante, o ministro de Economía poderá, nos casos e condicións que estime necesario, establece-lo requisito da aprobación administrativa dos devanditos plans de reequilibrio e de financiamento.

4. Dentro do presente réxime transitorio e para o persoal activo na data de formalización do plan de pensións, poderán recoñecerse dereitos por servizos pasados derivados de compromisos anteriores recollidos expresamente en convenio colectivo ou disposición equivalente, ou correspondentes a servizos previos á formalización do plan de pensións.

Este réxime transitorio será de aplicación tamén ós plans de pensións existentes que se modifiquen para incorporar dereitos por servizos pasados e prestacións causadas derivados de compromisos non integrados con anterioridade no plan, entendéndose feitas as referencias

á formalización do plan á modificación, se é o caso, deste.

A contía recoñecida en concepto de dereitos por servizos pasados que se corresponda con fondos constituídos imputarase a cada partícipe. De se-lo caso, a diferenza positiva entre os dereitos recoñecidos por servizos pasados e os fondos constituídos correspondentes configurará un déficit, o cal se calculará individualmente para cada partícipe. Este déficit global poderá ser amortizado, logo da súa adecuada actualización, e segundo as condicións que se pacten, mediante dotacións anuais non inferiores ó 5 por 100 da contía total, ó longo dun prazo non superior a quince anos contados desde a formalización do plan de pensións, sempre que ó cumprirse a metade do período definitivamente establecido no plan de reequilibrio se amortizase a metade do déficit global. O déficit individualizado de cada partícipe terá que encontrarse amortizado no momento do acaecemento de calquera das contingencias cubertas polo plan de pensións.

En razón das especiais circunstancias que poidan concorrer en sectores de actividade concretos suxeitos a unha regulación específica, regulamentariamente poderán autorizarse prazos de amortización do déficit global superiores en concordancia con outras disposicións vixentes.

A imputación das achegas correspondentes a dereitos recoñecidos por servizos pasados enténdese sen prexuízo do réxime fiscal transitorio recollido na disposición transitoria sexta desta lei.

A contía máxima dos servizos pasados recoñecidos correspondentes ós exercicios anuais iniciados a 1 de xaneiro de 1988 ata o de formalización do plan de pensións non poderá superar, para cada un destes anos, o importe do límite financeiro anual vixente en cada un de tales exercicios. Non obstante, os servizos pasados integraranse na súa totalidade cando os compromisos por pensións asumidos polas empresas cos seus empregados ou traballadores deriven de convenio colectivo. Para tales efectos modificaranse, cando proceda, os correspondentes plans de reequilibrio para a súa aprobación ou verificación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, as achegas precisas para a cobertura dos mencionados servizos pasados estarán exceptuadas do límite máximo de achega individual recollido no número 3 do artigo 5 desta lei.

5. Os empresarios ou as institucións amparadas neste réxime transitorio, que instrumentasen os compromisos por pensións cos seus traballadores e integrasen os seus recursos nun plan de pensións, instrumentarán as obrigacións contraídas respecto ós xubilados ou beneficiarios con anterioridade á formalización do referido plan, ben a través deste ou ben a través dun seguro colectivo.

No suposto de integra-los ditos beneficiarios no plan de pensións, serán admisibles achegas posteriores, para a adecuada cobertura das prestacións causadas, sempre que se incorporen no correspondente plan de reequilibrio e este se axuste á lexislación que lle sexa aplicable.

As contribucións e as primas de contrato de seguro satisfeitas para facer fronte a estas prestacións causadas non precizarán da imputación fiscal ós referidos beneficiarios, sendo obxecto de deducción no imposto persoal do promotor nos termos establecidos no número 1 da disposición transitoria sexta desta lei.

O réxime fiscal previsto neste punto será, así mesmo, de aplicación ás primas de contratos de seguro satisfeitas

para a cobertura de prestacións causadas respecto ós xubilados ou beneficiarios amparadas neste réxime transitorio, aínda que os empresarios ou as institucións non instrumentasen os compromisos por pensións cos seus traballadores en activo a través dun plan de pensións, salvo que as empresas ou entidades se acollan á excepción prevista no número 2 da disposición transitoria cuarta.

6. O desenvolvemento regulamentario deste réxime transitorio regulará, en particular, as normas actuariais para a cuantificación dos servizos pasados con especial referencia ós novos compromisos de pensións ós que se refire o número 2 desta disposición transitoria; o proceso de transferencia dos elementos patrimoniais correspondente a un plan de pensións, a integrar no seu fondo de pensións, o seu tipo de remuneración, así como o seu prazo temporal, que con carácter xeral non deberá supera-los dez anos, salvo condicións específicas establecidas por norma expresa que xustifiquen unha ampliación adicional; o proceso de amortización do déficit individual e global que afecte a cada plan de pensións, así como a súa posible actualización e demais cuestións que pola normativa vixente requiran desenvolvemento regulamentario.

7. Quedarán exentos de tributación os incrementos ou diminucións patrimoniais que se poñan de manifesto como consecuencia da integración ou achega a un plan de pensións dos elementos patrimoniais afectos a compromisos de previsión do persoal. Igualmente estarán exentos os incrementos ou diminucións patrimoniais que se poñan de manifesto como consecuencia do alleamento dos elementos patrimoniais afectos a compromisos de previsión do persoal cando o importe da venda se achegue en plans de pensións; se só se achegase parcialmente, a exención aplicarase á parte proporcional do incremento que fose achegado.

8. Para acceder a este tratamento fiscal será condición indispensable que os elementos patrimoniais afectos ós compromisos de previsión do persoal se encontren en tal situación a 3 de marzo de 1995.

Disposición transitoria sexta. Réxime fiscal transitorio de acomodación dos compromisos por pensións.

1. As contribucións correspondentes a servizos pasados, realizadas por promotores de plans de pensións para dar cumprimento ó establecido nas disposicións transitorias cuarta e quinta desta lei, poderán ser obxecto de deducción no imposto persoal do promotor de acordo cos seguintes criterios:

a) As cantidades deducidas en cada exercicio non poderán supera-lo 10 por 100 do total das contribucións a plans de pensións necesarias para dar cumprimento ó establecido nas disposicións transitorias cuarta e quinta desta lei.

b) En ningún caso poderán ser obxecto de deducción importes que non fosen traspasados con anterioridade, efectivamente, a un plan de pensións.

c) Non poderán ser obxecto de deducción as contribucións a plans de pensións realizadas con cargo a fondos internos por compromisos de pensións dos que a dotación resultase, no seu momento, fiscalmente deducible.

Se o fondo interno por compromisos de pensións fose dotado con carácter parcialmente deducible no imposto persoal do empresario, a deducción fiscal das contribucións a plans de pensións, realizadas ó amparo do presente réxime transitorio, será proporcional ás dotacións non deducibles.

p

As contribucións a plans de pensións a que se refiren os parágrafos anteriores non se integrarán na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ós partícipes, sen prexuízo da tributación futura das prestacións dos plans de pensións nos termos previstos pola normativa vixente.

O réxime fiscal previsto neste presente punto resultará aplicable en relación coas contribucións efectuadas polas empresas a mutualidades de previsión social formalizadas a través de contratos de seguro ou regulamentos de prestacións das mutualidades que reúnan os requisitos previstos no artigo 46 da Lei 40/1998, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, realizadas para dar cumprimento ó establecido nas disposicións transitorias cuarta e quinta desta lei, sempre que as devanditas contribucións se correspondan a dereitos por servizos pasados recoñecidos conforme os límites establecidos para os plans de pensións no número 4 da disposición transitoria quinta e no seu desenvolvemento regulamentario.

2. As primas de contratos de seguro sobre a vida satisfeitas por empresarios para dar cumprimento ó disposto na disposición transitoria cuarta desta lei, serán deducibles no imposto persoal do empresario no exercicio económico en que se faga efectivo o seu pagamento, sempre e cando se cumpran os requisitos recollidos no artigo 71 do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 1307/1988, do 30 de setembro. Quedan exceptuadas de tal dedución as primas de contratos de seguro sobre a vida satisfeitas con cargo a fondos internos por compromisos de pensións se a dotación destes resultou, no seu momento, fiscalmente deducible.

Se o fondo interno por compromisos de pensións fose dotado con carácter parcialmente deducible no imposto persoal do empresario, a dedución fiscal das primas de contratos de seguro sobre a vida satisfeitas ó amparo do presente réxime transitorio será proporcional ás dotacións non deducibles.

Para efectos do disposto nos parágrafos anteriores, a imputación fiscal das primas ós suxeitos ós que se vinculen estas deberá efectuarse polas contías que fosen deducidas e no mesmo período impositivo.

As prestacións derivadas dos contratos de seguro sobre a vida a que se refire o presente réxime transitorio tributarán polo imposto sobre a renda das persoas físicas ou, de se-lo caso, polo imposto sobre sucesións e doazóns, de acordo co disposto na normativa vixente.

Disposición transitoria sétima. Aplicación da redución prevista na alínea a) do número 2 do artigo 17 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas no suposto de prestacións derivadas de expedientes de regulación de emprego.

Ás cantidades percibidas a partir do 1 de xaneiro de 2001 por beneficiarios de contratos de seguro concertados para dar cumprimento ó disposto na disposición transitoria cuarta desta lei que instrumenten as prestacións derivadas de expedientes de regulación de emprego, que con anterioridade á celebración do contrato se fixesen efectivas con cargo a fondos internos, e ás cales lles resultase de aplicación a redución do 30 por 100 establecida na alínea a) do número 2 do artigo 17 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, manterán a aplicación da dita redución, sen que para estes efectos a celebración do contrato altere o cálculo do período de xeración de tales prestacións.

Disposición derradeira primeira. Actualización do límite fiscal de redución da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O límite fiscal de redución da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas previsto na Lei reguladora do devandito imposto poderá ser actualizado polas leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición derradeira segunda. Previsión social complementaria do persoal ó servizo das administracións, entidades e empresas públicas.

As administracións públicas, incluídas as corporacións locais, as entidades, organismos delas dependentes e empresas participadas por elas, poderán promover plans de pensións de emprego e realizar achegas a eles, así como a contratos de seguro colectivos, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, ó amparo da disposición adicional primeira desta lei, co fin de instrumentalos compromisos ou obrigacións por pensións vinculados ás continxencias do artigo 8.6 desta lei referidos ó seu persoal funcionario ou laboral ou en relación de servizos regulada por normas administrativas estatutarias.

O anterior entenderase sen prexuízo da correspondente habilitación orzamentaria de que dispoña cada entidade ou empresa, así como das posibles autorizacións previas ás que pudiesen estar sometidas tales achegas tanto de carácter normativo como administrativo, para, de se-lo caso, destinar recursos ó financiamento e instrumentación da previsión social complementaria do persoal.

As prestacións aboadas a través de plans de pensións ou contratos de seguros colectivos, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, conforme á disposición adicional primeira desta lei, non terán a consideración de pensións públicas nin se computarán para efectos de limitación do sinalamento inicial ou fixación da contía máxima das pensións públicas.

Disposición derradeira terceira. Potestade regulamentaria.

Corresponde ó Goberno, por proposta do ministro de Economía, e coa previa audiencia da Xunta Consultiva de Seguros, desenvolver esta lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución e, en especial, a aprobación ou modificación, se é o caso, do regulamento ou regulamentos específicos.

Correspóndelle ó ministro de Economía, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros, desenvolver esta lei nas materias que especificamente atribúe á potestade regulamentaria do devandito ministro e, así mesmo, desenvolve-las disposicións regulamentarias aprobadas polo Goberno en canto sexa necesario para a súa execución e así se prevexa nelas.

Disposición derradeira cuarta. Competencia exclusiva do Estado.

As disposicións contidas nesta lei, e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, que sexan complemento indispensable dela para garanti-los obxectivos de ordenación e completa-la regulación por ela definida, ten a consideración de ordenación básica

da banca e os seguros, e de bases da planificación xeral da actividade económica, consonte o artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, salvo as seguintes materias, que se consideran competencia exclusiva do Estado:

A) Conforme o artigo 149.1.6.^a da Constitución, considéranse lexislación mercantil as materias reguladas en:

- a) Os capítulos I e II, salvo o artigo 7.
- b) Os números 3 a 10 do artigo 8.
- c) Disposicións adicionais primeira, terceira e cuarta.
- d) Disposicións transitorias primeira, segunda e cuarta, así como a transitoria quinta, salvo os parágrafos terceiro e cuarto do número 5, e números 7 e 8.

B) Conforme o artigo 149.1.14.^a da Constitución, considéranse lexislación da Facenda xeral as materias reguladas en:

- a) O capítulo VIII.
- b) Os parágrafos terceiro e cuarto do número 5, e números 7 e 8 da disposición transitoria quinta.
- c) Disposicións transitorias primeira, sexta e sétima.
- d) Disposicións derradeiras primeira e segunda.

XEFATURA DO ESTADO

24342 *REAL DECRETO LEI 8/2002, do 13 de decembro, polo que se amplían as medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, e se modifica o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro.* («BOE» 299, do 14-12-2002.)

O Goberno da Nación aprobou con data 22 de novembro deste ano o Real decreto lei 7/2002, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», co fin de articular coa urxencia e inmediatez necesarias as actuacións precisas para atender as necesidades xurdidas dos danos provocados polo citado accidente.

A evolución posterior dos acontecementos e a extensión dos danos ocasionados polas verteduras de hidrocarburos ás costas doutras comunidades autónomas do litoral cantábrico fan preciso amplia-las medidas previstas naquel real decreto lei, tanto mediante o establecemento doutras novas, como coa aplicación das inicialmente previstas para a Comunidade Autónoma de Galicia ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.

Así, modifícase o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, nos artigos precisos para amplia-la cobertura das axudas directas a outros beneficiarios e para modifica-lo réxime relativo ós beneficios tributarios.

Polo que se refire ó País Vasco, hai que destacar que o seu especial réxime financeiro e tributario atribúe a competencia para adoptar determinadas medidas de carácter fiscal ás institucións competentes dos territorios históricos do País Vasco.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia e do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e dos ministros de Facenda, Fomento, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación e

Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2002,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Ámbito e obxecto de aplicación.*

Este real decreto lei ten por obxecto amplia-las medidas destinadas a paliar los efectos derivados do accidente sufrido polo buque «Prestige» o día 13 de novembro de 2002, aprobadas polo Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, así como estendelas ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.

As medidas que nesta norma se establecen en ningún caso supoñen recoñecemento de responsabilidade do Estado por tales efectos e adóptanse sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións que correspondan.

Por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, por proposta dos delegados do Goberno nas comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, determinarase, para os efectos previstos neste real decreto lei, o ámbito territorial de aplicación das medidas en cada unha das citadas comunidades autónomas, por referencia ós termos municipais e núcleos de poboación afectados.

Artigo 2. *Danos en infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes destes poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que executen tales departamentos para reparar los danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

Artigo 3. *Reducción do imposto sobre actividades económicas.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que realicen, dentro do ámbito territorial das comunidades autónomas do Principado de Asturias e Cantabria que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, actividades de entrega de bens ou prestacións de servizos suxeitas ó dito imposto e sinaladas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como directamente relacionadas coa práctica das actividades pesqueiras, o marisqueo ou a acuicultura que se atopen paralizadas como consecuencia das medidas adoptadas polas indicadas comunidades autónomas ou pola Administración xeral do Estado e derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», reducirán o imposto sobre actividades económicas correspondente ó exercicio 2002 en proporción ó tempo de vixencia das medidas referidas e computándose por meses completos.

As reducións de cotas comprenderán a das recargas legalmente autorizadas sobre estas.

2. Os suxeitos pasivos que, tendo dereito ó beneficio establecido no punto anterior, satisfixesen os recibos correspondentes ó exercicio fiscal 2002 poderán solicita-la devolución das cantidades que correspondan.